



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 117

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 11 de outubro de 2000

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

(Continuación)

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia debate e propostas de resolución (doc. núm. 15.474).

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral: informe do señor presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (continuación.).

O señor presidente pide ó señor secretario que dea lectura ó informe da Mesa en relación coas propostas de resolución admitidas por esta. (Páx.8.992) O señor secretario (Pedrosa Vicente) le este informe. (Páx. 8.992)

Defensa das propostas de resolución: Sr. Pazos Varela (Grupo Parlamentario Mixto -Mx.-) (Páx. 8.993), Sr. Rego González (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -S-) (Páx. 8.999), Sra. Villarino Santiago (S) (Páx. 9.004), Sr. Suárez Canal (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -BNG- (Páx. 9.007) e Sr. Casares González (Grupo Parlamentario Popular de Galicia -P-). (Páx. 8.914)

Suspéndese a sesión ás sete da tarde e reiníciase ás sete e trinta minutos da tarde.

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional, por proposta de tódolos membros da Comisión para a Igualdade e para os dereitos das Mulleres, sobre a pobreza e a violencia exercida contra as mulleres e pola paz. (Páx. 9.021)

Rolda de grupos para fixar posicións respecto das propostas de resolución dos demais: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 9.021), Sr. Rego González (S) (Páx. 9.024), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 9.024) e Sr. Casares González (P). (Páx. 9.028)

O señor Trigo Durán (BNG) solicita votación separada da proposta de resolución núm. 33 do Grupo Parlamentario Mixto. (Páx. 9.030)

O señor Rego González solicita votación separada da proposta de resolución núm. 20 do Grupo Parlamentario Mixto. (Páx. 9.030)

Votación das propostas de resolución núms. 1 a 53 (agás as núms. 20 e 33) do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitadas por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 9.030)*

Votación das propostas de resolución núm. 20 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 en contra e 11 abstencións. (Páx. 9.030)*

Votación da proposta de resolución núm. 33 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 13 votos a favor, 39 en contra e 17 abstencións. (Páx. 9.030)*

O señor Pazos Varela (Mx.) solicita votación separada da proposta de resolución núm. 75 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 9.030)

O señor Trigo Durán (BNG) solicita votación separada das propostas de resolución núms. 22, 23, 41, 42, 91, 98, 101 e 124 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.) (Páx. 9.030)

Votación das propostas de resolución núms. 1 a 24 (agás as núms. 75, 22, 23, 41, 42, 91, 98, 101 e 124 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia): *rexeitadas por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 9.030)*

Votación da *proposta de resolución* núm. 75 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 en contra e 2 abstencións.* (Páx. 9.030)

Votación das propostas de resolución núms. 22, 23, 41, 42, 91, 98, 101 e 124 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 12 votos a favor, 39 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 9.031)

O señor Pazos Varela (Mx.) solicita votación separada da proposta de resolución núms. 28 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Así mesmo, solicita que as propostas de resolución núms. 82 e 95 se voten conxuntamente. (Páx. 9.031)

O señor Rego González (S) solicita votación separada das propostas de resolución núms. 28, 30, 51 e 95 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; así mesmo, solicita votación por puntos da proposta de resolución núm. 88; e votación separada das propostas de resolución núms. 9, 11, 12, 16, 42, 67, 77 e 82 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 9.031)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (agás as núms. 28, 82, 95, 30, 51, 88, 9, 11, 12, 16, 42, 67 e 77): *rexeitadas por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 9.031)

Votación da proposta de resolución núm. 28 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 17 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 9.031)

Votación da proposta de resolución núm. 95 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 17 votos a favor, 50 en contra e 2 abstencións.* (Páx. 9.031)

Votación das propostas de resolución núms. 30 e 51 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 19 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 9.031)

Votación do punto 1 da proposta de resolución núm. 88 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 19 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 9.031)

Votación do punto 2 da proposta de resolución núm. 88 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 9.032)

Votación das propostas de resolución núms. 9, 11, 12, 16, 42, 67 e 77 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 19 votos a favor, 39 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 9.032)

O señor presidente comunica que a proposta de resolución núm. 28 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia foi retirada por estar duplicada. (Páx. 9.032)

O señor Trigo Durán (BNG) solicita votación separada das emendas núms. 1, 2, 4, 5, 9, 13, 14, 19, 20, 22, 30, 35, 37, 38, 24, 25, 36, 15, 16, 17 e 26 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (Páx. 9.032)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia (agás as núms. 1, 2, 4, 5, 9, 13, 14, 19, 20, 22, 30, 35, 37, 38, 24, 25, 36, 15, 16, 17 e 26): *aprobadas por 55 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións.* (Páx. 9.032)

Votación das propostas de resolución núms. 1, 2, 4, 5, 9, 13, 14, 19, 20, 22, 30, 35, 37, 38, 24, 25, 36, 15, 16, 17 e 26 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: *aprobadas por 39 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións.* (Páx. 9.032)

Levántase a sesión ás oito e trinta minutos da tarde.

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Preside o presidente o Parlamento, acompañado do secretario e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora López Gómez.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN. (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: O señor secretario da Mesa vai proceder a dar lectura ó informe da reunión que celebrou esta propia Mesa pola mañá.

Ten a palabra o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Moitas grazas.

A Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o día 11 de outubro, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Punto segundo. Exame e cualificación das propostas de resolución presentadas ó debate de política xeral. A Mesa examina as propostas de resolución presentadas polos diferentes grupos parlamentarios, seguindo a súa orde de inscrición no Rexistro da Cámara: en primeiro lugar, as 53 formuladas polo Grupo Parlamentario Mixto (Doc. núm. 16.286), a seguir as 95 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (Doc. núm. 16.287), as 124 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (Doc. núm. 16.288) e as 41 do Grupo Parlamentario Popular (Doc. núm. 16.289).

Logo dun detido exame das propostas e dun debate sobre o contido delas e da súa congruencia nos termos previstos no artigo 141 do Regulamento, así como da súa correlación coa ordenación do debate aprobado pola Mesa, na reunión celebrada o día 3 de outubro, visto o disposto no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, a Mesa adoptou os seguintes acordos:

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 53 propostas de resolución presentadas, coa observación seguinte: a resolución número 30 admítense sempre que se entenda que o recurso de inconstitucionalidade se formula contra un decreto lei.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 95 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes: na resolución número 21, onde di “real decreto”, debe dicir “real decreto lei”. Na resolución número 33 suprímese o apartado 1.º porque non é competencia da Xunta intervir na regulación parlamentaria, conforme o disposto no Estatuto de autonomía. A resolución número 58 débese completar coa expresión: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia”.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 124 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes: na resolución número 5 suprímese o apartado segundo porque estamos en presenza dun debate de política xeral aberto a partir dunha comunicación da Xunta de Galicia, e o texto transcrito incide en cuestións internas da institución parlamentaria. Na resolución número 77, onde di “ó caso” debe dicir “ó uso”. E na resolución número 80 onde di: “rentalización” debe dicir “reutilización”.

Por último, están as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 41 propostas de resolución presentadas, coa observación seguinte: nas resolucións números 4 e 5 a referencia ó Igape haina que completar coa seguinte expresión: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia...”. Na resolución número 7, na referencia ó Instituto de Estatística de Galicia, hai que intercala-la expresión: “...insta a Xunta de Galicia para que o ...”. E, por último, a resolución número 28 suprímese pola súa duplicidade coa proposta de resolución número 25.

O que se comunica ó Pleno da Cámara para o seu coñecemento e efectos.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Para a defensa e presentación das propostas de resolución, escomezará, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, moi boas tardes.

Comezamos, daquela, o Pleno para a defensa das propostas de resolución de cada grupo. Dende logo, ás veces un pode ser espectador privilexiado da historia, de grandes acontecementos históricos, e o malo é que pode non darse nin conta; daquela, un mesmo ten que empezar a dubidar da súa intelixencia.

Digo isto, porque onte seica fun espectador inconsciente, aínda que privilexiado, dun acontecemento sen parangón na historia da nosa autonomía e eu mesmo diría que na historia do mundo mundial dende o pleistoceno. Así foi cualificado o discurso do señor presidente da Xunta por parte do *jefe do clack* ou do jefe do club de fans do señor Fraga, encarnado no portavoz do Grupo Parlamentario Popular, señor Pita Varela; *jefe de clack*, jefe de club de fans ou *jefe de hooligans*.

O señor Pita Varela, a propósito, si acertou onte como portavoz do Grupo Popular nunha cousa moi concreta, e foi cando con xesto torvo mirou cara ós escanos dos deputados e cualificou os que estaban sentados neste lado “da súa *sinistra*”, e díxoo dúas veces: “á miña *sinistra*”. O malo é que naquel momento, señorías —señor Pita, atenda, que lle interesa—, os medios de comunicación enfocaron ese lado, e a *sinistra* que apareceu empezaba no señor Diz Guedes e remataba no señor Pérez Varela. Aí si que atinou o señor Pita, (*Risos.*) pois supoño que se refería á *sinistra clack* para os intereses deste país, que constitúe esa parte, nese caso, e esta tamén, do Goberno de Galicia.

Pois resulta que eu, torpe de min, por moita atención que lle prestei ó discurso do presidente do Goberno, como non podería ser menos, non me decaí da magnitude de tal acontecemento; torpe de min, e entoo o *mea culpa*. Eu escoitei un discurso de autobombo, total e absolutamente, un discurso no que magnificaba os logros na década prodixiosa, como a cualificou o meu compañeiro de grupo, un discurso oco e baleiro de contidos, un discurso fatigado, que demostraba total e absoluto cansanzo por parte do

presidente da Xunta para impulsa-la acción política que leve a este país a onde lle corresponde, a converter en termos reais cos países e rexións do noso contorno, que non son outros que os da Unión Europea.

Eu, dende logo, señorías, non me vou poñer catastrofista, non vou cualificar a Fraga como o Atila de Occidente, que arrasa todo por onde pasa, aínda que o seu impulso normalmente é bastante rápido, evidentemente, nin vou dicir que leve este país á ruína total. Dende logo, é claro e evidente que algo se fixo nesta “década prodixiosa” —entre aspas— con 8 billóns de presuposto, manexados polo Goberno da Xunta de Galicia, pero tamén é evidente que se podería ter feito moito máis, sobre todo se se enfocase a acción de goberno doutra maneira, se se fose a unha acción racional e planificada de goberno e non suxeita ó clientelismo ou a unha visión resesa, total e absolutamente resesa, e desfasada do país e da acción política.

Señorías, é evidente que o señor presidente da Xunta de Galicia está cada vez máis canso, falto de ilusións e falto de ideas. El mesmo onte o recoñeceu cando dixo que o seu principal obxectivo de seguir presentándose ás eleccións era recadar votos para o proxecto, non era gobernar, non era impulsa-lo avance deste país. Dixo: Téñome que presentar mentres siga recadando votos para o Partido Popular. Dende logo, fraco obxectivo para un político da talla do señor Fraga Iribarne, aínda que sexa unha talla, evidentemente, que está nos antípodas do que nós entendemos que ten que se-la acción política. É un proxecto esgotado, pero, claro, mentres recade votos, hai que seguir presentándoo, o cal me lembra o Cid, que gañaba batallas despois de morto, neste caso politicamente, evidentemente, e cos mellores desexos noutros terreos.

O señor presidente está esgotado, e o Goberno de Galicia non é tal goberno, é unha *clack* de aplaudidores pagados con diñeiros públicos, sen a mínima capacidade de crítica e, sobre todo, sen a mínima capacidade de decisión, suxeitos total e absolutamente ás decisións do patrón, que por algo o bautizan así, “patrón”.

Señor presidente, eu pediría un pouquiño menos de ruído no galiñeiro, (*Murmurios.*) é que, se non, é imposible.

O señor PRESIDENTE: Como non está moito no

tema, entón, a xente non lle está prestando a debida atención. (*Risos.*)

O señor PAZOS VARELA: Estou na introdución...

O señor PRESIDENTE: ¡Ah!, ¿está na introdución? Pois prosiga, señor Pazos.

O señor PAZOS VARELA: Estamos na introdución do tema, posto que para defender unhas propostas de resolución terei que dar primeiro os motivos de por qué presentamos esas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: De aí que, ó mellor, decaía un pouco o tema. Prégolles atención, por favor.

O señor PAZOS VARELA: Porque efectivamente, señor presidente, os discursos poden tentar maqui-la-la realidade. Os discursos poden intentar pórle un veo a esa realidade, para disfrazala, pero a realidade é teimosa, está aí, e lémbra-la obriga de melloralala. Hai moito que facer, dicía onte o señor presidente da Xunta de Galicia, e, precisamente, como hai moito que facer, pois, de acordo, fagámolo. Neste sentido, as propostas... (*Murmurios.*) Eu non sei se estas sesións sería mellor cambialas para antes de comer, pero ben... (*O señor presidente axita a campaña.*)

Dicía que, no sentido de que hai moito que facer, fagámolo, e velaí está a nosa modesta achega en forma de 53 propostas de resolución que poñemos para o debate en Pleno. Propostas de resolución son 53, poderían ser 100 ou 459, porque do que se trata é de marcar unhas liñas de actuación en positivo para mellora-la xestión política neste país, para camiñar cara adiante e non ficar varados ou, como dicimos na nosa zona, para non andar para atrás, como o caranguexo. Son proposicións de impulso e, polo tanto, prégolles por terceira vez ás súas señorías que as escoiten, cando menos, antes de rexeitalas, porque, aínda que as rexeiten, creo que unha mínima cortesía parlamentaria pide escoitalas. Eu non sei, podería facer un pinchacarneiro aí abaixo para sucita-la atención, pero, dende logo, non creo que sexa nin o foro nin o momento apropiado para facelo, aínda que o sei facer, asegúrollelo. (*Risos.*)

Dicía que aínda que o destino das iniciativas sexa o caixón do esquecemento, polo menos pídlles que

as escoiten. As nosas iniciativas, señorías, están estruturadas en cinco grandes grupos que afectan ó que nós cremos que debe ser unha acción política racional e decidida en favor deste país. Son iniciativas que atinxen ó estado social, ó autogoberno, á defensa dos nosos sectores productivos, á defensa da nosa cultura, da nosa lingua ou do noso patrimonio, a infraestructuras de comunicación, medio ambiente, ó problema da demografía, etc.

As primeiras falan do Estado social, do que é obriga fundamental das administracións, que é prestar unha serie de servicios básicos para a cidadanía que son alicerces da cohesión social. Falamos concretamente de educación e de sanidade, coas que, ademais da súa importancia, resulta que estamos a falar de dous temas que absorben o 60% do orzamento da Xunta de Galicia.

Daquela, ese orzamento, dende o noso punto de vista, debe estar moi ben dirixido e moi ben xestionado. Este grupo de propostas de resolución van dende a número 1 á número 18, e as seis primeiras son as relativas a educación. O sistema educativo, segundo o señor conselleiro do ramo, é o mellor do mundo, non ten problemas ningún, todo funciona ás mil maravillas; pero, en cambio, toda a sociedade, e dende logo este portavoz e os outros grupos da oposición, detectamos día a día eivas e carencias que é preciso mellorar, que é preciso superar. Eivas e carencias que se poderían mellorar neste momento, no que o descenso da poboación escolar podería propiciar un claro avance cara á calidade do ensino, e non se está facendo así. Non se está facendo así porque non se estenden, por exemplo, os servicios complementarios a todo o ensino obrigatorio, e falo do transporte e do comedor, que, á parte de ser este último un servicio necesario para a cidadanía, é un servicio que ten, evidentemente, tamén obxectivos educativos en si mesmo. Nese sentido vai a nosa primeira proposta de resolución, que se refire a un plan de implantación xeral de servicios complementarios de comedor e transporte escolar, entendido este como un servicio educativo en tódolos tramos do ensino obrigatorio.

Eivas que atinxen tamén ás actividades extraescolares, non consideradas necesarias e, polo tanto, moito menos prioritarias por parte da Administración educativa, que non achega nin un gramo de orzamento, nin

un gramo de enerxía para estender esas actividades ó sistema educativo en xeral. Nós pedimos que si acheque, evidentemente en coordinación coas administracións locais, ou en coordinación cos axentes educativos encarnados nas APA, nos claustros de profesores, etc.

Eivas que abarcan a oferta educativa. Moito temos debatido aquí sobre o mapa educativo da ESPO, insuficiente e mal planificado, recoñecido polo propio conselleiro cando di que hai que ir modificándoo. Ben, pois modifiquémolo, presentemos un mapa educativo máis acorde coas necesidades do país no que as modalidades de bacharelatos e ciclos formativos se axeiten ás necesidades sociais e ás necesidades económicas de cada comarca.

Eivas que abranguen ademais moi fortemente o ensino para adultos ou os programas de garantía social, ós que nos referimos na nosa proposta de resolución número 4.

Eivas que son manifestas no que se refire ó ensino musical; ensino abandonado pola consellería e que nós propoñemos que se potencie, facéndolle moitísimo máis caso —e cando digo “caso” digo apoio orzamentario— tanto ós conservatorios como tamén ás escolas municipais de música, esquecidas da consellería e despachadas con esmolos total e absolutamente insuficientes, a pesar do labor fundamental que fan nese eido do ensino.

E eivas que chegan ata o Plan de financiamento universitario. Sei ben que se acaba de aprobar un plan introducido con calzador e que se lles obrigou ós rectores a aceptar, porque era iso ou era menos. Pero os tres rectores, señorías, os tres rectores das tres universidades galegas das que onte tanto se gababa o señor Fraga, manifestaron o seu desacordo con ese plan de financiamento. Nós pedimos unha lei de financiamento universitario que lle dea máis estabilidade ó sistema e que garanta a autonomía universitaria, establecendo plans quinquenais que nos vaian aproximando ó que debe ser un obxectivo a curto prazo, que sería o 1% do PIB destinado ó financiamento universitario e a medio prazo, que sería acada-los niveis do 1,5% do PIB para o financiamento universitario.

O outro alicerce do Estado social consideramos que é a sanidade e o sistema sanitario, e aquí, como

non podería ser menos, as nosas propostas tenden á mellora substancial do noso sistema sanitario público, e delas quero destaca-las seguintes:

A número 8, por exemplo, fala da necesidade de contar con urxencia cunha lei de ordenación sanitaria, señorías; unha lei que o Goberno ten secuestrada dende hai dous anos e unha lei que impediría o caos político do Sergas, no que está inserto o Sergas agora mesmo. E quero subliñar, falando deste tema, que Galicia é a única comunidade autónoma con competencias plenas na materia que carece dunha lei de ordenación sanitaria, que obra a impulsos ou a arroutadas do conselleiro ou dos responsables políticos do momento.

A número 9 fala, como non podería ser menos, da disolución —non da recuperación para o dereito público, señor Fraga— das fundacións sanitarias e do Medtec e da súa integración na rede sanitaria pública, da súa integración no Sergas, que é, evidentemente, onde teñen que estar e é o organismo que ten que xestionar a sanidade neste país máis aló de *chiringos*, máis aló de instalacións que escapen ó control público.

A número 11 fala da necesidade de reasignación de recursos presupostarios para a sanidade pública, tendo en conta que estamos á cola de Europa neste tema en gastos sanitarios e ademais estamos no contexto, como dicía onte o meu compañeiro, dun importante incremento económico e cun, ademais, aumento efectivo da presión fiscal.

A número 12 fala da necesidade de derroga-las medidas fiscais potenciadoras do aseguramento privado. Señorías, esas medidas fiscais destinadas a potencia-lo aseguramento privado son un verdadeiro mísil lanzado á liña de flotación do noso sistema sanitario público. Quérese torpedear-lo sistema sanitario para potenciar, evidentemente, un sistema sanitario privado, por moito que o especialista en sanidade do Partido Popular diga que non coa cabeza, porque, se non, non ten ningunha explicación.

Na número 15 pedímo-la separación plena da dedicación do persoal entre a pública e a privada, rematando así coa ilegalidade, coñecida, consentida e da que é cómplice o señor conselleiro de Sanidade e, por ende, todo o Goberno da Xunta de Galicia e todo o

grupo parlamentario que o apoia, que coñece e cala diante desa ilegalidade.

O segundo grupo de iniciativas fala de autogoberno, un debate importantísimo para este país e que nembargantes, e non se sabe por qué, foi o gran ausente do discurso histórico do presidente da Xunta de Galicia de onte. Onte o presidente da Xunta escondeu a cabeza debaixo da á e non fixo nin unha soa referencia ó autogoberno de Galicia, segundo el xa o ten na cabeza, pero aquí non fixo ningunha referencia, e o que é peor, non se sabe nada daquelas propostas que veu, cheo de enerxía, propoñer nos primeiros anos do seu Goberno.

Evidentemente, como dixo o meu compañeiro Anxo Guerreiro onte, ese abandono das propostas de autogoberno forma parte da peaxe que tivo que pagar nese pacto de submisión —bautizado por el mesmo con ese nome— que tivo que firmar co presidente do Goberno central. ¿Quen é galeguista, señorías? ¿Quen é galeguista?, ¿o que coñeceu a non sei qué egregio persoeiro deste país, o que foi amigo de non sei canto ou o que ten un proxecto de defensa deste país e quere levalo adiante? ¿Quen é galeguista?, ¿o que presume diso, o que fala galego xogando ó domínio ou o que desenvolve un proxecto de defensa ineludible neste país?

Miren, o outro día tivemos nun debate no Grove, a propósito da pesca, os portavoces de pesca do Grupo Parlamentario do Bloque, do Grupo Parlamentario do Partido Popular e este portavoz que lles fala. Eu dicíalles que ás veces daba a impresión de que estabamos en tres países distintos: uns estabamos en Galicia, outros en Galiza e outros en Alicia; *Alicia no país das marabillas*, país imaxinario, Alicia deformada detrás do espello, espello cóncavo que deforma a realidade, etc. Evidentemente, entre Galicia e Galiza hai un matiz, hai unha terminación, un acabado; entre Galicia ou Galiza e Alicia hai a esencia do país, falta o “g”, o que lle dá a esencia a este país, “g”, que, por certo —e temos unha proposta de resolución—, quitaron vostedes das matrículas dos coches de todo o Estado. Quitárono vostedes facendo renuncia da identidade deste país. E non é unha cuestión de chapas, señorías, non é unha cuestión de chapas dentro desa linguaxe que caracteriza o presidente do Goberno central; é unha cuestión máis importante porque se fala da re-

nuncia á identidade dun pobo, dende a cal podería integrarse nun proxecto español e europeo, pero sen facer renuncia da orixe e sen facer renuncia da identidade.

A propósito, sobre ese tema temos outra proposta de resolución, na que pedimos que se compaxine a utilización dun símbolo identificativo de Galicia, do noso país, ó lado dos símbolos identificativos que xa están de España e da Unión Europea. Vostedes, evidentemente, como dicía antes, desertaron de avanzar no autogoberno e, se non, ímolo ver cando voten estas propostas de resolución que eu paso rapidamente a enumerar.

Oito propostas van destinadas a desenvolve-lo autogoberno, a avanzar e a impedir, señorías, a desaparición política de Galicia. Delas quero destacar, por exemplo, a emenda número 19, que quere conseguirla auténtica reforma do Senado —xa hai tempo que o señor Fraga non fala do asunto—, para convertelo nunha cámara de representación das nacións, das nacionalidades e das rexións. Ese é o obxectivo co que naceu, e a esa reforma renunciouse.

Na número 22 dicimos que para logra-lo máximo teito competencial para Galicia non hai por que facer renuncia do que nos corresponde polo Estatuto e pola Constitución.

A número 23 ten como fin logra-la institucionalización da presenza de Galicia nas distintas delegacións do Estado que negocian os nosos intereses da Unión Europea, e nesta quero parar un segundíño. Esta proposta de resolución foi aprobada o ano pasado. O portavoz do Partido Popular pode dicir: ¡Pero, señor Pazos, se presenta a mesma do ano pasado! Efectivamente, porque a presentamos o ano pasado, aprobámosenos o ano pasado e non volvemos saber do tema; e o que é peor, non é que non saibamos do tema, é que dos exemplos que se deron dende aquela —por exemplo, tratado de pesca con Marrocos— non hai presenza institucional galega na negociación deses acordos. Hai presión, dende a cafetería —parece ser que hai presión dende a cafetería—, do señor conselleiro de Pesca.

Polo tanto, esa proposta transaccionada que aprobaron vostedes o ano pasado metérona no caixón do esquecemento e, dende logo, non fan absolutamente

nada por levala adiante. ¡A ver qué fan este ano!, se xa descubren as cartas, se xa sacan a careta e votan que non ou se volven votar que si sen que por iso enrubien, sen que por iso lles caia a cara de vergoña.

O terceiro grupo de propostas de resolución refírese á defensa de sectores productivos fundamentais para o noso país, por exemplo, efectivamente, o sector industrial. Na número 28 pedimos algo que eu creo que ata é vergonzoso pedir, porque non se debería pedir, debería estar xa, que é a presentación con carácter de urxencia das liñas básicas da política industrial; o mínimo, as liñas básicas da política industrial do Goberno da Xunta de Galicia. Despois dun ano de toma de posesión do novo conselleiro, ou non tivo tempo ou non quixo ou non tivo a capacidade —creo que isto último— de vir aquí e expoñe-las liñas básicas da súa política industrial. Iso é o que lle demandamos, señor conselleiro. Non lle marcamos nós cáles deben ser, pedímoslle, cando menos, que as traia aquí e as debatamos aquí. Aquí diremos máis ou menos se estamos de acordo con elas. Nós poderemos propoñerlle outras, pero maniféstenos cáles son esas liñas de política industrial.

A número 30 é un tema de rabiosa —e nunca mellor dito, porque, efectivamente, ás veces só queda rabia, que non resignación, en sectores afectados— actualidade, como é o da liberalización dos horarios comerciais. Pedímoslles, señorías, que cumpran coa súa obrigación, que apoién a presentación por parte do Goberno de Galicia dun recurso de inconstitucionalidade contra o decreto lei que liberaliza os horarios comerciais. Primeiro, porque é un atentado contra un sector importantísimo do noso país, economicamente e en xeración de emprego, como é o pequeno e mediano comercio. Pero, segundo, porque é defende-la dignidade deste país, evitando que un decreto lei do Goberno central invada competencias exclusivas do Goberno de Galicia. Dende logo, evidentemente, terían vostedes que se-los primeiros interesados en presentar este recurso para demostrar que defenden os intereses dun sector concreto —pequeno e mediano comercio— e do país en xeral, dos dereitos do país en xeral e das competencias do país en xeral.

Outro sector productivo que non queremos deixar pasar de lado, que non podemos, por sentido da responsabilidade, deixar pasar de lado, é o sector da pes-

ca, sobre o que presentamos tres propostas de resolución que, evidentemente, non esgotan nin resolven todos os problemas do sector. A número 31 ten que ver con presionar —o que vimos pedindo sempre; vimos pedíndoo dende hai máis dun ano— o Goberno central para que presione na Unión Europea para conseguir dunha vez por todas un acordo de pesca con Marrocos, cando menos nas mesmas condicións que o anterior en canto ó abandeiramento dos buques e en canto ó número de postos de traballo. Parece que iso a vostedes non lles preocupa en absoluto. Pedimos que se manteñan as axudas, señorías. As axudas rematan, parece ser que definitivamente dentro de moi pouco tempo. Eu dubido moito de que dentro do tempo ata o remate das axudas haxa acordo, por unha banda —se o hai, benvido sexa, pero dubido de que o haxa—, e ademais dubido de que haxa algún plan alternativo que se poida poñer en marcha ó día seguinte. Polo tanto, vai haber un período no que os mariñeiros, os armadores, van quedar tirados á man de Deus. Xa que logo, haberá que face-las xestións necesarias para garantir-las axudas a esa flota mentres non haxa unha saída para ela. Esa é unha obriga que teñen vostedes, pero plásmena.

Hai un problema concreto relacionado co marisqueo a pé, que afecta a unhas zonas concretas do país. Señorías, quero dicir por diante que dende Esquerda de Galicia estamos total e absolutamente a favor da profesionalización efectiva do sector marisqueiro a pé, iso é evidente, sen dar ningún paso atrás, pero a profesionalización efectiva no marisqueo ou en calquera outra actividade económica significa comer desa actividade, vivir desa actividade con dignidade, non significa rebaixa-las listas do paro teoricamente. Significa obter-los ingresos suficientes para vivir con dignidade, para cotizar á Seguridade Social, para ter as prestacións sociais que todo traballador ou traballadora ten dereito a ter. Pero hai zonas no noso país cun dobre problema, zonas nas que as mariscadoras non acadan os ingresos mínimos que lles permitan cotizar á Seguridade Social e sacar, evidentemente, unha mínima renda para poder vivir. Ninguén traballa para cotizar nin lle podemos esixir a ninguén que traballe para cotizar.

Por outra banda, hai mulleres, fundamentalmente, que pasan da idade na cal lles é rendible socialmente cotizar á Seguridade Social porque pasaron da idade

de te-las prestacións ás que esa cotización lles dá dereito en forma de pensións. Polo tanto, instámola Consellería de Pesca a que saque a cabeza de debaixo da area e asuma dunha vez este problema, poñendo as solucións enriba da mesa; solucións como o permex, a extinguir para as persoas que teñen unha idade determinada, como o desenvolvemento de plans de explotación rendibles nas zonas que hoxe non o son, etc. Pero que poñan os plans enriba da mesa, que non se escondan. O problema xurdiu hai bastante tempo e aínda non sabemos cáles son as accións que pensa desenvolver-la Consellería de Pesca, á parte de non conceder-lo permex, que é a peor das decisións que se podería tomar.

Outras afectan, por exemplo, á Consellería de Medio Ambiente no que atinxe ós montes. Nós facémola presentación dun proxecto de lei de uso racional do monte, baseado fundamentalmente na súa conservación, no seu coidado, na repoboación con especies autóctonas e no apoio efectivo e decidido ás mancomunidades de montes, á propiedade mancomunada de montes de Galicia, que se traduce no seu apoio efectivo e nas xestións diante do Goberno de Madrid para cambiar-la fiscalidade, señor Del Álamo. Hai ano e pico a Esquerda de Galicia se lle aprobou unha proposición non de lei, transaccionada co grupo maioritario, na que se instaba o Goberno central a tomar medidas específicas para ter en conta a peculiaridade da propiedade do monte galego e, polo tanto, eximí-las comunidades de montes do imposto de sociedades. Pasado ano e pico ou case dous anos, ¿que foi desa proposición non de lei? Un segundo punto da proposición dicía: “Artellar unha comisión de traballo para acadar eses obxectivos”. ¿U-la comisión? Non existe xestión ningunha para solucionar este problema, por iso nos vemos na obriga de transformar unha proposición non de lei aprobada por unanimidade neste Parlamento en proposta de resolución, e tamén a ver qué fan vostedes: se teñen a vergonza de ter que votar que si a algo ó que votaron que si hai dous anos ou se non a teñen e din que non a algo ó que hai dous anos dixeron que si. Polo menos, espero argumentos diante desas decisións.

E, por último, o cuarto grupo refírese a cultura, a patrimonio e a lingua, e, como se vai acabando o tempo, pois teño que apurar un pouco. No referido a esa área importantísima en canto á defensa da identidade

deste país, da súa historia e da súa cultura, pedimos algo que lle vimos demandando día a día ó señor conselleiro Pérez Varela, hoxe ausente: planificación. Non pedimos nada doutro mundo, non pedimos accións concretas, pedimos planificación da actuación, non impulsos, arroutadas, improvisación e dilapidación de diñeiro público, que é o que vén facendo historicamente a Consellería de Cultura nas mans dunha persoa que confunde unha peza musical cunha cantante, por exemplo.

Así, por exemplo, pedimos un estudio que non existe na consellería, señorías; un estudio da infraestrutura sociocultural existente na actualidade en Galicia e da utilización que se lle está a dar a esa infraestrutura. Hai casas de cultura que se utilizan para dar cursiños de non sei qué, sen ningunha actividade cultural. Necesitamos coñecer-la situación e saber cal é a situación actual das infraestruturas socioculturais, para, a partir de aí —que é a outra parte que pedimos na resolución—, elaborar un plan plurianual de actuación que nos permita desenvolver unha actuación decidida no terreo das infraestruturas socioculturais; un plan de protección do patrimonio arqueolóxico, histórico e artístico, de apoio ás artes plásticas e visuais, grandes esquecidas na actualidade, de apoio ás artes escénicas, coa consolidación da rede de teatros e auditorios, coa creación, señorías... Somos das poucas comunidades que non teñen unha escola superior de arte dramática ou unha escola superior de danza. Non a temos, señor Currás. Isto sóame, íase facer, pero non se fixo. ¿Que se vai facer? Pois ben, apróbenme a proposta de resolución e así estaremos máis seguros de que se vai facer.

Outra proposta de resolución trata da promoción do libro galego e da lectura, da mellora do servizo público da radio e da televisión públicas deste país, con obrigación do uso do idioma. E, señorías, algo que debería trae-lo Goberno *motu proprio* cada ano é un estudio da incidencia das subvencións de normalización lingüística nos medios de comunicación. É dicir, tódalas subvencións para o incremento do uso da lingua nos medios de comunicación, ¿que efecto tiveron ata o momento? ¿Que aumento houbo nas porcentaxes de utilización da nosa lingua? ¿Ese diñeiro está ben empregado ou ese diñeiro se utilizou dilapidándose ou tirándose, con outros obxectivos distintos que a potenciación do uso do noso idioma?

E despois hai un último grupo de preguntas —remato, señor presidente—, e quero citalas porque nos parecen realmente importantes e atinxen a temas variados, pero non por iso de menor importancia ou de menor rango. Así, por exemplo, presentamos unha proposta de resolución tendente a xestionar algo que veñen prometendo —o señor Cuñña o primeiro—: a supresión das peaxes na ponte de Rande e no tramo Guísamo-A Coruña ou a rebaixa xeneralizada doutros tramos da autoestrada A-9, e nomeadamente, por exemplo, algo que tamén é unha promesa electoral, do señor Rajoy, que é a rebaixa do 50% no tramo Vigo-Pontevedra, unha área que hai que incardinar, que hai que unir, e non poñerlle topes de separación.

Demandamos tamén a elaboración, señorías —que a levamos demandando dende a primeira vez que eu subín a esta tribuna—, dunha lei de subvencións, non dunha trapallada metida na Lei de acompañamento dos presupostos, non dun conxunto de normas, senón dunha lei de subvencións que, ademais, leve consigo un control efectivo das subvencións, antes da súa concesión, no control das condicións necesarias para acceder a elas, e, despois da súa concesión, no control do gasto de diñeiro público para os fins para os que foi solicitado.

Outra fala da modernización e desenvolvemento do Feve; outra dun plan de cooperación coas administracións locais que acabe con actitudes clientelares e repartos discrecionais de fondos públicos; outra do apoio a plans de tratamentos alternativos que existan ou poidan existir respecto do pontificado por vostedes Plan Sogama —plans alternativos que se baseen nas tres erres, como levamos defendido moitas veces e que seguimos a defender, e non cambiamos de idea, e ós que non hai por que negarlles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor PAZOS VARELA: ...diñeiro público—; outra dun plan global de loita contra a violencia familiar, contra as mulleres, e outra dun plan global de loita, que abrangue a tódalas consellerías, que poña freo á caída demográfica deste país. E isto non se soluciona, señorías, con subvencións para cueiros e para *chupachús*, soluciónase cunha actuación coordinada de todo o Goberno, de tódalas consellerías, para acabar

co que hoxe é un dos principais problemas deste país; deste país que onte o presidente cualificou de vello e eu quero pensar que era vello por historia e non por poboación, con todo o respecto para a toda a poboación. Pero é un país novo e puxante, un país que quere con azos para avanzar cara á converxencia europea.

Os que escoitaron as propostas de resolución, espero, cando menos, que as mediten, voten o que voten; os que non as escoitaron pois, evidentemente, non sei se son merecentes de sentarse aquí, iso teno que dicir a sociedade, evidentemente. Pero, dende logo, quero manifesta-la miña queixa pola actitude de determinadas señorías, ás que lles dá igual o que se diga aquí arriba. Aquí cada un vén ó seu, a cobra-lo salario a fin de mes, e *ahí me las den todas*.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pazos.

Presentación e defensa das propostas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, señorías, moitas gracias.

Señorías, como vostedes ben poden comprender, as propostas de resolución que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos están directisimamente relacionadas, como non podería ser doutra maneira, coa proposta e coa exposición que na tarde de onte fixo aquí o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Emilio Pérez Touriño, sobre a necesidade de que neste país, escoitado o presidente da Xunta de Galicia, se produza un cambio; un cambio necesario, un cambio tranquilo, que é posible. Quedou absolutamente demostrado e desde logo quen lles fala e o grupo que representa ten a esperanza de que ó longo desta sesión, ó longo do debate das propostas de resolución, quede aínda máis claro que ese cambio é absolutamente posible, liderado polos Socialistas de Galicia, con base nas propostas que facemos e con base tamén no diagnóstico da situación que na tarde de onte, como lles dicía, fixo o noso portavoz nesta mesma tribuna.

Señorías, na mañá de onte o presidente da Xunta de Galicia fixo un percorrido pola súa acción de goberno ó longo destes últimos dez anos, fixo un percorrido certamente amplo do traballo que ten realizado. Cunha parte del, indubidablemente, estamos de acordo, como non podería ser doutro xeito, e con outra discrepamos abertamente, como temos demostrado, sobre todo dos seus resultados.

O señor presidente da Xunta de Galicia, nun número amplo de tomos que nos remitiu ós deputados, e imaxino que ós medios de comunicación tamén, rendeu balance da situación ó seu xuízo e ó xuízo do grupo que o representa. Houbo moi poucas propostas cara ó futuro, moi poucas propostas para o futuro sobre a acción que el ten previsto realizar de goberno. Non podería ser doutro xeito, xa que a lexislatura e o ciclo político están a rematar, como antes aquí ben quedou demostrado.

Hoxe dicíalle, señorías, que se vai demostrar aínda máis, porque o Grupo Parlamentario dos Socialistas imos ter ocasión de contrastar aquí isto, unha vez que o presidente da Xunta, que o Goberno, non presentou practicamente ningunha iniciativa de cara ó futuro, ningún plan de actuación cara ó futuro, co que presenta o Grupo Parlamentario Popular, e imos ver se iso é o que se pode entender do que teñen previsto para o futuro desta terra todos vostedes. Por iso digo que é posible o cambio, e vostedes hoxe aquí penso que, coas propostas de resolución que presentaron, van demostrar que, ademais, xa non é necesario, como dicímo-los socialistas, senón que é practicamente imprescindible para os intereses xerais deste país.

Polo tanto, señorías, o señor Touriño na tarde de onte, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, asumía un compromiso claro coa sociedade galega, unha oferta moi clara e respectuosa con todos, en primeiro lugar entre as distintas institucións, e, ¿como non?, empezou por este Parlamento, empezou polo seu compromiso de respecto á primeira institución do noso pobo, polo seu compromiso con este Parlamento. Porque, señor presidente da Xunta, no momento en que o señor Touriño lle dicía a vostede que tiña que vir a este Parlamento a comparecer e a render contas na súa función e capacidade de presidente da Xunta de Galicia, tamén el estaba asumindo un compromiso de

vir aquí, no caso de que teña esa responsabilidade. Polo tanto, compromiso claro de respecto á primeira institución do noso pobo. Esa é unha das propostas de resolución que, en consecuencia con todo aquilo, traemos aquí hoxe, señorías: respecto para o conxunto do arco institucional que aprobamos aquí todos. O señor presidente da Xunta de Galicia tense loado —mesmo na mañá de onte— de ter pechado o arco de institucións dentro da nosa terra. É certamente unha realidade, pero non ten moita xenerosidade porque non recoñece que foi coa colaboración do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia en tódolos casos; que en tódolos casos foi pactado co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. O señor presidente esquece iso case sempre, pero, en calquera caso, os feitos están aí, e imaxino que están na memoria histórica de todos. Así estamos.

Respecto do Consello de Contas de Galicia, non basta, señores do Partido Popular, non basta, señor presidente da Xunta de Galicia, señores do Goberno, con constituílo e poñelo en funcionamento, hai, ademais diso, que respectalo, que dar cumprimento ás súas resolucións. E, ademais diso, hai que promover que o resto do arco institucional da nosa terra, que o resto das administracións que operan no territorio galego, tamén o teñan en consideración, tamén cumbran con el. Velaí teñen vostedes unha proposta de resolución dos Socialistas de Galicia na que lles propoñemos a vostedes que favorezan —poden facelo, e sábeno perfectamente— que todo o mundo, tódalas administracións públicas, cumbran co mandado polo propio Consello de Contas de Galicia para que non se converta a súa acción nun auténtico papel mollado.

Respecto do Valedor do Pobo de Galicia, unha figura e unha institución que está certamente prestixiada hoxe en día no pobo galego, señor presidente da Xunta, o único galego que puxo en cuestión os informes do Valedor do Pobo de Galicia foi precisamente o señor presidente da Xunta, cando nada máis e nada menos que desafía con facer un informe contradictorio respecto do que tiña el feito sobre a pobreza dentro do noso país. Señores, parece que isto non debería ser así. Polo tanto, señorías, respecto cara ó conxunto de institucións.

E respecto do Consello Consultivo de Galicia, ¿cantas actuacións do Goberno e cantas leis remiten

vostedes ó Consello Consultivo de Galicia? ¿Que fórmulas teñen vostedes? ¿En que cantidade e calidade teñen vostedes en conta as resolucións e os informes do Consello Consultivo de Galicia? ¿Por que non o remiten ó Parlamento? O Consello Consultivo de Galicia claro que pode promover informes por petición do Goberno de Galicia, claro que a lei aquí o establece, pero non impide para nada que iso se remita ó Parlamento. ¿Por que impiden que veñan aquí eses informes en tempo e forma para que todos poidamos saber deles? Iso é ir dando resposta clara de compromiso co arco institucional que todos nos damos: cumprir e facer cumprí-las resolucións do Consello de Contas, os informes do Valedor do Pobo de Galicia, e telos en conta de xeito importante, porque para iso financiamos todos, con recursos públicos galegos, os informes do Consello Consultivo de Galicia, que para iso foi creado.

Queremos garantir, señorías, medidas que avalen o acceso á Administración pública de Galicia en condicións de igualdade para tódolos cidadáns. Ese é un principio básico que debemos garantir todos. ¿Baixo que criterios? Mérito, capacidade e respecto absoluto pola igualdade de oportunidades. Aí teñen vostedes unha oportunidade de votar unha resolución do noso grupo parlamentario que, ó mesmo tempo que supoñería un compromiso para o Goberno actual, o supoñería tamén para os demais, unha vez producido o cambio de Goberno. Entón, respecto polo conxunto das institucións que operan no territorio e respecto polo poder local, señorías.

Señor presidente da Xunta, ¿cal é a relación — quedou ben demostrado onte— que vostedes teñen coas corporacións locais de Galicia? Claramente en sistemas de subordinación, claramente nun sistema clientelar, e mantendo —¿por que non dicilo?— un sistema caciquil e dilapidador de recursos públicos. Vostedes todos, cada un dos membros do Goberno e vostede especialmente, señor presidente da Xunta, deberían de ler algunha información que nos acaban de trasladar algunhas consellerías ós deputados, nas que se ve que as súas relacións cos concellos de Galicia teñen a base en axudas de 300.000, 400.000 ou 500.000 pesetas, e non pasan de aí, cando o Goberno de Galicia administra un billón de pesetas e ten como misión corrixi-los desequilibrios territoriais que aínda existen no noso país.

¿Por que dicimos respecto cara ás corporacións locais? Respecto tamén para con este Parlamento, señorías. Vostedes aprobaron aquí, cos votos do Grupo Parlamentario Popular, un proxecto de lei da Administración local de Galicia. Soamente lles falta un pequeno detalle: dous anos despois da súa entrada en vigor, facelo cumprir, cando menos minimamente, face-lo seu desenvolvemento regulamentario, aproba-la Lei de facendas locais de Galicia, señorías, e aproba-la Lei de capitalidade, que ameazan vostedes con ela hoxe si e mañá tamén. O señor presidente da Xunta de Galicia anunciouna onte aquí, pero é que tamén a anunciou no debate do estado da Autonomía pasado e seguramente que tamén no anterior. Ben, pois vai sendo hora de que vostedes teñan respecto polas corporacións locais desta terra e que dunha vez por todas cumpran, primeiro, coa lei aprobada por este Parlamento e, segundo, coas necesidades dos concellos de Galicia, que é a administración máis próxima ós cidadáns e, polo tanto, merece respecto e consideración, por parte da Administración autonómica, que debería de estar ó servizo da administración máis próxima ós cidadáns, que é o poder local, e que é o poder máis directo que teñen os cidadáns, señorías.

Polo tanto, ¿que propoñémo-los socialistas, á parte do conxunto do desenvolvemento regulamentario desta lei? Miren vostedes, vai sendo hora de que haxa un paquete de transferencias a aquela administración que está máis cerca dos cidadáns; transferencias ou delegación de competencias, loxicamente cos recursos necesarios. Fai falta un plan de acción de nivelación de servizos nos concellos máis pequenos do noso territorio, porque non se trata dos concellos máis pequenos do noso territorio como institución, non estou falando da casa de ningún concello; estamos falando os socialistas dos cidadáns que residen neses concellos, non na casa consistorial, nin sequera na súa corporación municipal; estamos falando de cidadáns que pisan barro, que pisan corredoiras e que teñen moitísimos problemas en servizos sociais. Polo tanto, ¿que hai que darlles poder? Xa o teñen. ¿Capacidade de xestión? Tamén. ¿Fanse eleccións? Seguro. Pero o que necesitan son medios e recursos para poder dar uns servizos axeitados ás necesidades que teñen os cidadáns tamén desas zonas ou territorios. E quen mellor o poden facer, señorías, son as propias corporacións locais.

Por iso fai falta un plan de nivelación de servicios. E hai que falar menos de pacto local e ó mesmo tempo ter unha relación cos concellos de absoluta subordinación, baseada na subvención, na dependencia de cómo caía a corporación do momento, de se hai un amigo ou de se hai un menos amigo, como di o señor presidente da Xunta de Galicia. Non, non, hai que arranxa-lo sistema de relacións entre a Administración local e a Administración autonómica e, como mínimo, hai que arranxa-lo sistema de subvencións, as relacións que teñen a nivel de financiamento de servicios de subvencións e a nivel de calquera outro tipo de actividades das corporacións locais.

¿Que propoñemos? Cando menos un fondo de co-operación local que recolla a inmensa maioría dos fondos destinados á Administración local; un fondo de 20.000 millóns de pesetas. ¿Para que? Para que de xeito regrado e con criterios claros e obxectivos se traslade ás corporacións locais. Unha parte del, quizais a máis importante, non ten que ser finalista, as corporacións locais son maiores de idade, os representantes municipais son elixidos polos cidadáns dunha forma exactamente igual que o presidente da Xunta e que o Goberno de Galicia; polo tanto, son absolutamente maiores de idade e ademais coñecen mellor os problemas dos cidadáns que residen no seu territorio. Polo tanto, respecto á autonomía local e respecto, desde logo, polos criterios e obxectivación de actuación e de dotación de servicios para dar cobertura ás problemas que eles teñen que resolver.

Señorías, parécenos que as corporacións locais deben de considerarse como maiores de idade, e, se se deben considerar como maiores de idade, a Xunta de Galicia debe se-la primeira en reivindicar que as corporacións locais, os representantes municipais, teñan unha presenza clara no Consello de Política Fiscal e Financeira. Paréceme que non sobran, senón ó contrario, fanse xa imprescindibles, e aí teñen vostedes unha proposta de resolución que deixa ben claro a maioría de idade que nós entendemos que ten precisamente a administración máis antiga do noso pobo.

Señorías, nós imos someter á súa consideración unha proposta sobre o financiamento autonómico, sobre a nosa relación co Estado. Parécenos que o respecto debe ser de igual a igual, e, polo tanto, na nosa

proposta de financiamento autonómico, señorías, queremos que se inclúa tamén o financiamento municipal. Parécenos que as autonomías, que o conxunto das comunidades autónomas, teñen que dotarse —temos que dotarnos todos— dun sistema estable de financiamento, claro que si; non máis estable nin menos estable nin en mellores nin en peores condicións que as corporacións locais. Polo tanto, hai que liga-lo futuro económico, o futuro do desenvolvemento, cando menos, da Administración autonómica co da Administración local. Xa era hora. Polo tanto, a nosa proposta téñena vostedes aí, e esperemos que goce da súa consideración. Indubidablemente, no modelo de financiamento autonómico, os socialistas galegos vimos defendendo un pacto federal estable dentro do marco da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia que, desde logo, teña en conta e garanta principios de igualdade das persoas e solidariedade entre os territorios.

Indubidablemente, en torno a isto, hai que considerar un modelo de financiamento autonómico, a reforma do Senado nunha cámara territorial, o desenvolvemento de mecanismos federais de cooperación, a protección dos feitos diferenciais e a participación de Galicia nos consellos da Unión Europea. Parécenos que isto é imprescindible, é posible, é necesario e que ademais se fai desde un criterio de absoluta responsabilidade sen ningún tipo de inconveniente por parte de ninguén. Entendemos nós que ninguén debería de telo. Pero quedan cousas que facer dentro do noso territorio, señorías.

Miren vostedes, dentro do territorio de Galicia está respectado e consolidado todo ese abano e arco institucional, que nos parece que se fai absolutamente imprescindible e que ó longo destes dez anos non soamente non se fundou nel, senón que se fundou máis ben en todo o contrario: os concellos cada vez son máis dependentes, máis subordinados e cada vez hai menos respecto entre institucións, máis relacións bilaterais, máis relacións baseadas en criterios de amiguismos, en clientelismos ou, ¿por que non dicilo?, nalgunha outra cousa peor.

¿Que teríamos que facer aquí? Teríamos que facer aquí, cando menos, unha lei de ordenación do noso territorio e da actividade urbanística, que indubidablemente non soamente marcara directrices para a orde-

nación do territorio; non, que marcara directrices para a ordenación do territorio e tamén para a dotación de servicios do conxunto dos cidadáns, para a actividade e para a acción do Goberno —remato, señor presidente— nas distintas áreas do noso territorio. Parécenos que iso é absolutamente imprescindible. A Xunta de Galicia ten que asumir as competencias exclusivas que ten en materia de ordenación territorial, marcando directrices claras e comprometéndose con elas á hora de dar resposta ós novos asentamentos da poboación, ós novos asentamentos industriais, ás novas áreas de crecemento do país, á rexionalización do noso país, porque é imprescindible acometer un gran pacto polo territorio nesta terra e ó mesmo tempo respectar con absoluta claridade o ámbito competencial que teñen as propias corporacións locais en materia de actuación e ordenación urbanística.

Esa sería a nosa Lei de ordenación do territorio, esa sería a ordenación do territorio que, a xuízo do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, merece este país e que merecen os cidadáns que nel residen. De aí deberíamos de partir, entre outras cousas porque a realidade na que hoxe está asentado o territorio galego non ten nada que ver nin coa Lei de ordenación do territorio aprobada a proposta do señor Cuíña nin coa Lei do solo de Galicia, senón que vai xustamente en dirección contraria ó que se ten feito. Por certo, fíxose unha lei de ordenación do territorio da que non se aprobaron nin sequera as súas directrices, e fíxose unha lei do solo de Galicia da que non se fixo nin sequera o seu desenvolvemento regulamentario. Desde aí partimos, señorías. Polo tanto, é imprescindible, parécenos, actuar nesta materia con criterios claros.

Remato, señor presidente, déixeme un minuto, se fai o favor. Remato dicindo que é imprescindible, señorías, que neste país se asuma un compromiso por parte do Estado cos grandes proxectos que é necesario e que é imprescindible facer nesta terra, pero que o Estado non se faga cargo deles, dese compromiso, con base en anuncios. O ferrocarril de alta velocidade non chegará a Galicia porque o diga o señor Fraga Iribarne ou porque o diga o señor Cuíña. O tren de alta velocidade chegará a Galicia se aparece nos presupostos do Estado, se se firma un convenio, como se firmou no seu día para as autovías —por certo, sen poñer unha peseta—, co Ministerio de Fomento ou co

presidente do Goberno de España que clarifique os prazos, investimentos e execucións previstos para levar a cabo esa actuación. A autovía do Cantábrico, señorías, non vai ser posible polos anuncios que poida face-lo señor Cuíña de que se vai por Ferrol, de que se vai por Baamonde; non, non se trata diso, trátase de que con 50 millóns de pesetas que veñen no presuposto do ano 2000 tardaríamos nada menos que trinta e cinco anos en rematar esa obra, señorías. Vostedes saben perfectamente que iso serve nin máis nin menos que para o anuncio.

Polo tanto, señorías, ese plan de infraestruturas que anuncia o señor Cuíña debería de estar presentado porque o anunciou despois do encerro aquel que o señor presidente da Xunta promoveu en Vilalba, no que foi a gran estrela. Nós presentamos aquí unha iniciativa, e díxonos o señor Cuíña que non era necesario aprobala, que ía vir aquí ese plan, pero nunca máis volvemos falar del. Agora faise absolutamente imprescindible que ese plan non veña aquí, cando menos que se aprobe e que veña aquí para que se debata, para que a política de infraestruturas deste país non se faga coa política de impulsos e coa política de anuncios nos medios de comunicación, para que a política de infraestruturas se faga tendo en conta realmente as necesidades que existen neste país. Iso é o que nós queremos. Polo tanto, ¿que queremos?...

O señor PRESIDENTE: Déixelle tempo á súa compañeira, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, remato, señor presidente.

Queremos, señorías, que o Plan de infraestruturas de Galicia recolla as actuacións do Goberno galego, recolla as actuacións da Administración do Estado e recolla en parte a planificación de actuacións tamén con base en acordos coas propias administracións locais de Galicia, que sexa o plan de infraestruturas non da Xunta de Galicia, que sexa o plan de infraestruturas de Galicia e que sexa o plan de infraestruturas que necesitamos tódolos galegos. Iso é o que queremos, señorías, e iso é o que entendemos que debería de facerse. Para iso teñen vostedes propostas de resolución dabondo que, como lles dicía ó principio, conforman a alternativa clara de goberno que o señor Touriño presentou onte neste Parlamento. E, ademais

diso, dalgunha maneira fan un claro compromiso con ese cambio absolutamente necesario.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Para a defensa do resto das propostas ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas gracias, señor presidente.

As propostas de resolución sobre as que vou facer unha chamada de atención teñen que ver basicamente e fundamentalmente cos sectores económicos, coa actividade económica de Galicia, e teñen que ver, sen dúbida ningunha, cos homes, coas mulleres, cos galegos e coas galegas; é dicir, coa parte social que calquera goberno debería de atender de xeito prioritario, polo menos desde o noso punto de vista.

Onte, como dicía o meu compañeiro de grupo, Ismael Rego, o noso portavoz, o señor Pérez Touriño, fixo aquí un plantexamento de cómo vémo-los socialistas galegos Galicia e de cómo cremos que debe ser a Galicia do futuro. Desgraciadamente, o señor presidente da Xunta, o señor Fraga, despois de máis de preto de 200 páxinas de discurso e tres horas de exposición, non foi quen de dar unha soa idea de futuro, non foi quen de plantexar aquí nin unha soa medida nova, nin unha soa medida de impulso dunha nova política para Galicia. Dá a impresión de que a Galicia que vén é igual que a Galicia que quedou atrás.

O señor Pérez Touriño dixo máis dunha vez —e o señor Fraga non o entendía— que el e nós falamos, cando falamos de Galicia, dos galegos e das galegas; e o señor Fraga non entendía, e dicía: ¡Señor Touriño, pero se eu tamén falo diso! Pois non, queda claro que non falámo-lo mesmo idioma ou non falamos do mesmo. Para nós son prioritarias —e vou empezar xa a falar das propostas de resolución— as políticas de igualdade de oportunidades. E, para poder falar diso desde un goberno, hai que falar de emprego, hai que falar de servizos sociais, hai que falar de vivenda, hai que falar de todo o que ten que ver coa posibilidade de exercer-lo dereito á igualdade. En servizos sociais, señores do Partido Popular, señor Fraga, señores do

Goberno, nós, Galicia, estamos en cobertura á cola de tódalas comunidades autónomas. Estase transformando esta sociedade —que xa se transformou—, apareceron novas necesidades sociais, que xa están aí, e vostedes nin plantexan nin teñen plantexado no futuro inmediato, polo que dixo onte o presidente Fraga, ningunha solución de incrementa-la cobertura de servizos sociais.

Cando falamos das taxas de desemprego, vostedes rapidamente plantexan que o despoboamento do rural, que o descenso de ocupación do sector agrario, son as causas que explican que hoxe teñamos máis de dous puntos por riba da taxa de desemprego a nivel do Estado; sen embargo quérólles plantexar aquí unha cousa para que escoiten con interese. Entre outras cousas, temos esa taxa de desemprego porque témo-la cobertura peor de todo o Estado en servizos sociais. Se tiveramos unha cobertura equivalente ó 80% da media europea, señores do Goberno, hoxe teríamos unha taxa de paro inferior á media estatal. Xa ninguén discute que os servizos sociais, ademais de ser servizos para as persoas, ademais de facilita-la vida ás familias, ademais de posibilita-la inserción laboral das mulleres, ademais de todo iso, son o primeiro xacemento de emprego. E vostedes, señores do Goberno do Partido Popular, despois de dez anos, teñen o mérito de estar á cola no ránking de cobertura de servizos sociais.

Nós plantexámo-la necesidade imperiosa de incrementa-la cobertura dos servizos sociais, tanto en asistencia a domicilio como en teleasistencia. Propoñemos que se incremente a cobertura en 49.000 novos usuarios, así como que se leve a cabo a construción e posta en funcionamento de 11.000 novas prazas de residencias da terceira idade en tódalas modalidades posibles, pero, en todo caso, que 9.000 sexan para asistidos, porque, de cada catro persoas que atenden as persoas dependentes, tres son mulleres, e tres son mulleres en idade laboral. Logo, cando falamos da necesidade de inserción laboral das mulleres, señores do Goberno, señor Fraga, hai que empezar por aumenta-la cobertura dos servizos sociais.

Ademais, plantexámo-la necesidade de incrementar en máis de 11.000 prazas as garderías infantís, as escolas infantís de 0-3 anos. Témo-la cobertura máis baixa de todo o Estado español, e ademais tendo en

conta incluso as prazas privadas. En cobertura pública, señores do Goberno, en dez anos vostedes esqueceron das mulleres e dos nenos.

Nós, falando, insisto, dos galegos e das galegas, que, como dicía o señor Pérez Touriño onte, é o que nos preocupa a nós, tampouco queremos pasar por alto a necesidade dun salario social, porque, señores do Goberno, señor Fraga Iribarne, o Valedor do Pobo lle dixo a vostede que en Galicia hai 143.000 galegos que viven en extrema pobreza, que poden ser aproximadamente unhas 40.000 familias, como dicía onte o señor Pérez Touriño. Non teñen vostedes nin unha resposta. Vostede leva dez anos aquí, e onte fixo, como dicía antes, un percorrido pomenorizado —de vaguidades, por certo— pero non plantexou en ningún caso unha alternativa a estes 140.000 galegos que viven en extrema pobreza. E nós propoñémoslles, xa que vostedes teñen unha proposta de resolución e a oportunidade de apoiala, a necesidade dun salario social, para que ningún galego no século XXI viva en extrema pobreza.

Isto é o que os socialistas entendemos por políticas de igualdade, isto é o que os socialistas entendemos que é gobernar para os galegos e para as galegas. E en políticas de inserción laboral —a señora Besteiro non está—, de inserción social, vostedes saben que, sen dúbida ningunha, un dos problemas fundamentais da inserción social é o emprego. E nós, en emprego, desde sempre, pero moito máis nestes últimos anos, nos que por primeira vez Galicia empeza a ter unhas taxas de paro superiores á media española, témoslle plantexado múltiples iniciativas que teñen que ver co fomento do emprego. E vostedes o único que fixeron, como xa demostramos aquí nesta Cámara, foi englobar nun documento —que a vostedes o que lles gusta máis son as publicacións— as medidas que xa tiñan basicamente nunha cousa que se chamou plan de emprego, que, desde logo, non ten un só obxectivo e que é imposible de avaliar.

E o que si vemos é que o mercado de traballo en Galicia evoluciona de xeito peor que no resto do Estado, e non somos capaces —e desde logo vostedes menos— de ver cál foi a incidencia dese plan de emprego. Porque vostedes foron incapaces de potenciar de xeito real a redución das horas extraordinarias e a redución da xornada laboral. Teñen a medida, pero

despois dun ano, non foi quen a señora conselleira de explicar aquí nesta Cámara cántas empresas se acolleran á redución da xornada laboral ata conqueri-la xornada de 35 horas.

Nós propoñémoslles que as medidas activas de emprego se vinculen á necesaria reordenación e redución de xornada, á imprescindible redución de horas extraordinarias, porque, como se vén demostrando, ese é un xeito de crear emprego e, o que tamén é moi importante, é un xeito de incrementar a produtividade.

Nós propoñémoslles de novo que tomen en serio os novos xacementos de emprego, porque aquí se nos dixo a nós que se ía facer un catálogo de profesións de novos xacementos de emprego e seguimos sen catálogo, seguimos sen incidir neses xacementos de emprego, nos que está incidindo toda Europa, e seguimos sendo, nese sentido, diferentes. Non se aceptou —e volvémoslle plantexar para que o replantexen tamén vostedes— a necesidade da implicación das corporacións locais e dos axentes económicos e sociais nos plans integrais e de emprego a nivel de emprego, a nivel local e comarcal.

Nós xa lles dixemos no seu día, e reiterámoslle hoxe, que as corporacións locais non son administracións nin de segunda nin menores de idade. E vostedes, despois, chegan aquí, como onte fixo o señor presidente da Xunta, e teñen que recoñecer que hai desaxustes entre a formación, entre as necesidades do mercado laboral e a formación dos traballadores; entre outras cousas, porque vostedes, señores do Goberno, fan cursos de cantería no litoral, e de madeira de ribeira onde hai canteiras. É un escándalo o dos cursos de formación ocupacional, un auténtico desaxuste entre a formación e as necesidades reais do tecido socioeconómico máis próximo ós traballadores en formación.

En temas de emprego, querémoslles plantexar unha medida que esperamos que conte coa súa consideración, que é que tódolos mozos, ó remata-la súa formación profesional, teñan unha oportunidade de contrato por seis meses, para que poidan iniciar a súa inserción laboral cun mínimo currículo; para facilitar-lles a eses 15.000 ou 16.000 mozos galegos que rematan tódolos anos a súa formación profesional a inser-

ción laboral e a inserción no mercado laboral. Non só se insiren os mozos con formación, que tamén, insírense tamén coa vontade decidida da Administración de facilitarlles ese mínimo currículum que despois lles van solicita-las empresas privadas, o sector privado.

Esperamos realmente que vostedes teñan en conta esta medida, porque o que si é certo é que ata me parece que teñen vostedes unha proposta de resolución que fala en etéreo —como sempre, sen concretar— dalgunha medida en relación coa mocidade e coa súa contratación.

Esperamos e confiamos que apoién as súas medidas para a redución da sinistralidade laboral. Plantexámoslles un plan de choque naquelas empresas que teñen os índices máis altos en Galicia e plantexámoslle-la necesidade de reduci-la temporalidade dos contratos, que é unha das orixes da sinistralidade laboral alta. E, así como lles dicía antes, é necesaria a redución das horas extras, porque, sen dúbida ningunha, a sinistralidade laboral non evolucionou de xeito favorable nos últimos tempos.

Polo que respecta ás políticas sociais e ós colectivos con maiores dificultades, vanme permitir que hoxe —coma sempre, pero hoxe aínda con máis énfase— falemos dos problemas dos malos tratos das mulleres. Hoxe tamén morreu unha muller, vítima da violencia. Nós esperamos e confiamos contar co apoio de tódolos grupos desta Cámara para crear unha oficina autonómica de axuda e asistencia ás mulleres maltratadas. E, miren ben, plantexámoslles que nesa oficina autonómica se centren as competencias e os recursos que teñen hoxe vostedes en diferentes organismos, e que de verdade se ocupe da prevención e da asistencia das mulleres maltratadas.

Señores do Partido Popular, non valen as declaracións neste tema, non valen as lamentacións no tema das mulleres maltratadas e nos asasinatos de mulleres. Hoxe, como dicía antes, tamén temos unha muller que foi vítima de malos tratos e que morreu nestas circunstancias.

Queremos plantexarlle-las nosas propostas de resolución, que teñen que ver —e xa vou moi rápido, señor presidente— coa emigración. Nós queremos que —e onte falouse aquí moito de emigrantes— os

emigrantes, por suposto, teñan os mesmos dereitos que os galegos; que os galegos de fóra teñan os mesmos dereitos que os galegos de dentro, e para iso plantexámo-la necesidade da asistencia sanitaria e da ampliación das pensións non contributivas, así como doutro tipo de medidas que teñen que ver coa emigración.

En educación, en sanidade, en vivenda, plantexamos unha serie de propostas de resolución que espero e confío que teñan a súa consideración.

En vivenda plantexamos, de feito, unha acción especial para os mozos, cun elemento esencial de inserción social. Cremos que ós mozos hai que poñerlles un parque de 2.000 vivendas, tanto en alugueiro como para poder adquirilas, e que haberá que combinar coas entidades financeiras que operan en Galicia unha megahipoteca que faga que de verdade os mozos teñan posibilidades de acceder á compra dunha vivenda.

En educación falamos, ademais doutras cousas, da gratuidade dos libros de texto ou da necesidade do financiamento universitario.

En sanidade propoñémoslles un plan de choque en contra das listas de espera, porque non vale que nos enganemos entre todos nós; sobre todo vostedes pretenden enganarnos a nós en canto ás listas de espera, en canto a se se contan dun xeito ou doutro. O que si é certo, e sábeno os galegos e as galegas que acoden á sanidade pública, é que hai listas de espera intolerables, e nós plantexámoslles...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: ... —un momento, por favor— a necesidade dun plan de choque en relación coas listas de espera.

Polo que ten que ver cos sectores productivos, onte o noso portavoz plantexou claramente un modelo alternativo de desenvolvemento da economía galega. Teñen vostedes aí propostas de resolución que falan do necesario plan industrial de Galicia, de que se faga o desenvolvemento industrial de Galicia de acordo con obxectivos claros e con criterios de equilibrio territorial. Plantexámoslles un plan enerxético que teña que ver coa produción e coas tarifas e no que se teña

claro que Galicia é un país produtor de enerxía eléctrica.

En agricultura propoñémoslle-la Lei de ordenación de usos dos terreos agrícolas, que permita a ampliación dos terreos de cultivo e a ampliación do tamaño medio das explotacións que as fagan máis rendibles.

En medio ambiente facémoslles unha proposta de resolución para desenvolve-la Lei de protección ambiental de Galicia, e para que veña a este Parlamento a Lei de protección das rías e do litoral. Ademais de facer...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señora Villarino, por favor. Xa se pasou moito do tempo. Leva case tres minutos de máis.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Trinta segundos só, se me permite.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Ademais, propoñémoslles medidas concretas que teñen que ver coa pesca en augas alleas e coa pesca no interior.

E para finalizar, señor presidente —xa remato— no comercio propoñémoslle-las medidas de recurso de inconstitucionalidade do Decreto 6/2000, de liberalización de horarios comerciais. Propoñémoslles que se poña de acordo o Goberno da Xunta co sector sobre horarios comerciais e ademais sobre un plan de modernización do comercio galego.

E para finalizar, señores do Goberno, señor Fraga Iribarne —ausente—, o Grupo dos Socialistas queremos dicir que despois de escoitalo a vostede onte tres horas, despois de ler con atención as 200 páxinas do seu discurso, cada vez máis queda claro que é necesario un cambio neste país. Un cambio tranquilo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Villarino, xa se pasou de tempo o suficiente. Creo que xa se explicou o suficiente.

A señora VILLARINO SANTIAGO: ...un cambio que faga que Galicia teña futuro.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Villarino.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, despois de asistir a varios debates destas características, un non pode por menos que pensar na utilidade deste trámite.

Sabemos con bastante seguridade cál vai ser o seu resultado, os datos empíricos están aí. E aínda que ese dato podería crearnos certo grao de escepticismo para afrontalo, non imos caer nel, e vémoslle sentido porque somos optimistas históricos respecto da racionalidade humana, e acreditamos en que acabará abríndose camiño. Convencidos como estamos de que a racionalidade é a característica básica da especie humana, pretendemos convertela en categoría de argumentación, pero como ademais entendemos que a palabra é o instrumento político básico por excelencia, non nos resistimos a seguir argumentando e dialogando, aínda que moitas veces pareza un monólogo. Nese sentido, o que si concibimos é a defensa das resolucións cunha dobre utilidade.

Por un lado, como contraposición concreta de modelos, pasados e futuros: o que prevé o Partido Popular, o que dixo onte o presidente da Xunta articulado nun discurso e nas súas propostas de resolución de hoxe, e o que pretende, neste caso para o futuro, o BNG, utilizando loxicamente o balance do pasado e valorando o que vostedes levan feito ata hoxe. É dicir, evidenciar en qué termos se sitúa a dialéctica política hoxe e aquí. Ou dito doutro xeito, se queren, a contraposición entre o que foi e o que deixou de ser produto da acción política do pasado e o que debeu ser, e aínda pode ser, se realmente cambian as liñas de acción do Goberno ou o propio Goberno.

E, por outra banda, sendo conscientes de que a lexislatura aínda ten un pequeno tramo, facemos propostas positivas que entendemos que se poden acometer aínda co tempo que queda.

Tense dito que a principios do século XVIII compuxo Bach a súa suite para violonchelo. Durante dous séculos foron concibidas como estudos con escaso valor musical, ata que a principios do século XX un

músico republicano catalán, Pau Casals, as interpretou, e descubriu a música que levaban dentro, poñéndolas en valor e elevándoas á categoría de pezas de repertorio para calquera solista que se prece.

Iso é, ao noso xuízo, o que hai que facer coa realidade do país: poñer en valor o que existe, a música que ten oculta, coa partitura acaída, coa acción de goberno consecuente e co director de orquestra que sexa quen de ensamblar harmonicamente todas as súas potencialidades.

E as liñas mestras desas novas partituras, as claves nas que convén tocar, están nas propostas de resolución que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Dóenos o corazón e a razón porque vemos e somos conscientes do que se podería facer, mellor dito, o que se está deixando de facer, as oportunidades perdidas, as grandes cousas nas que se está actuando sen rumbo, equivocadamente ou, cando non, en función de intereses políticos que non benefician a Galicia; e coa complicidade e a participación, en moitas ocasións, directa da Xunta e do seu presidente.

E, como é posible, queremos corrixir o rumbo, queremos corrixir a derrota, e dámoslle a esta palabra non só o termo en sentido marítimo senón tamén no proxecto do país. Ese é o obxectivo das nosas propostas de resolución.

Pois ben, situémonos nesa contraposición dialéctica de modelos, de alternativas que representan as nosas propostas de resolución respecto da acción da Xunta nese período. E situémonos sendo conscientes, como xa se dixo, de que se trata seguramente do último debate da lexislatura do presidente, seguramente o último debate dunha época. A ninguén se lle oculta nesta Cámara que o señor Fraga seguramente non volverá comparecer xa nesta tribuna.

E situados nesa dialéctica, para entender ben o sentido das nosas propostas de resolución, convén avaliar no plano concreto as carencias, as perspectivas equivocadas, as ausencias, as políticas que se deben corrixir e as iniciativas que convén impulsar, hoxe inexistentes. Simplemente dun balance rigoroso e sen prexuízos saírían como corolario as propostas de actuación política que necesitamos.

Porque, señores do Partido Popular, non convén esquecer que o señor Fraga leva gobernando practicamente once anos, que se di pronto. E quen despois de once anos gobernando, e administrando —se contamos o do 2001— doce orzamentos, e en pesetas de hoxe —se contamos o do 2001— preto de dez billóns, e sabendo cómo está a realidade do país, presenta onte un balance triunfalista como o que se fixo, cunha enumeración de realizacións de maior ou menor alcance, pero que non establece unha valoración cualitativa ponderando as realizacións sobre o contorno e o marco referencial no que nos movemos, descobre as carencias dunha acción de goberno.

O que cabía esperar de vostede onte, señor Fraga, é que lembrara os obxectivos de cando chegou á Xunta e cál é a situación actual destes, e que nese sentido fixera unha proposta de futuro. Once anos deberían ser suficientes para calquera gobernante democrático para poñer en marcha un proxecto de goberno. Se non é quen de completalo nese período, ou é un incompetente ou carece de proxecto. Esa é a realidade dos feitos.

Asentemos, pois, argumentalmente, as nosas resolucións como conclusión dunha análise que sustenta as súas premisas nun sumario balance. Falemos primeiro da situación de partida e despois da situación de chegada, con pinceladas que asentarán as nosas propostas de resolución.

Situación de partida en tres niveis:

No plano político do contexto estatal, que aínda con todas as limitacións do marco, Galicia figuraba nese marco con rango institucional como autonomía de primeira división. Eramos nacionalidade histórica, é dicir, posibilidade política no marco actual de xogar un papel relevante.

Segundo, no plano da realidade material. Hoxe xa ninguén pode ocultar as posibilidades, co enorme potencial coas políticas acaídas e o manexo de recursos que se tivo, que existen na base material.

E no plano conxuntural, no plano concreto, efectivamente, os nosos indicadores económicos, sociais, culturais, etc., cando o señor Fraga chegou ao poder, non eran moi favorables, e era o que había que modificar, o noso papel.

Pois ben, analicemos brevemente a situación de chegada nestes tres niveis. E lóxicamente hai que facelo relativizando. En política, señor Fraga, non ten sentido o discurso de presentar resultados absolutos. Se se administraron cuantiosos recursos, aínda xestionando mal, algo se faría, pero en política o importante é referilo todo a un marco temporal e territorial.

Fíxese vostede. Antes de que Einstein demostrara coa súa teoría da relatividade restrinxida o carácter non absoluto senón relativo do tempo e do espazo, en política e economía a relativización xa era instrumento básico da avaliación da acción pública. Nos discursos do presidente nunca hai referencias relativas a un marco temporal e territorial, ao potencial existente destragado ou mal utilizado. Once anos son moitos e convén saber o que se puido facer e cómo estamos respecto do contorno. Ese é o balance dunha acción de goberno, só así cobran sentido as realizacións. Vostede prefere enumerarnos as Edar, os polideportivos, os centros de saúde, os recintos feirais, non como conclusión dunha acción de goberno, porque, efectivamente, carecen dela.

É certo que administran recursos pero para non gobernarnos, e o que é máis grave, para non modificar os indicadores relativos. Once billóns que chegaremos a xestionar ó final do ano 2001 dan para moito, e, se se administran ben, dende logo, poderían corrixir moitas das situacións económicas e sociais que padece o noso país.

Hai que facer balances relativos. Para que o entendan, fareilles un exemplo mellor, máis concreto, e entenderán por qué é moi importante sempre en política referirse ao contorno, referirse ao que podíamos ter feito e non fixemos, e non falar en balances sempre absolutos.

A administración do gasto dunha familia non se coñece se se nos di qué vestidos compraron, nin a pintura da fachada que teñen na súa vivenda ou as viaxes que fan, senón se con eses recursos chegan a final de mes cunha boa comida, se teñen unha boa educación os seus fillos e se teñen calefacción nas súas casas. E, aínda máis, se outra familia cos mesmos recursos e circunstancias parecidas, pero cunha orientación mellor do gasto, consegue mellores resultados. Relatividade interna e do contorno, ese é o balance

dunha acción de goberno que onte non se presentou.

Poreilles outro exemplo máis próximo á órbita política. Cando o BNG colle o goberno dun concello, poñamos Allariz, en coordenadas políticas e conxunturas concretas, hai que facer unha avaliación co paso do tempo de cómo evoluciona o emprego en relación co contorno, a calidade de vida, os recursos públicos, o crecemento equilibrado, o exercicio do poder, o modelo futuro para o concello, e aí é onde sae claramente o balance dunha acción de goberno.

Pois ben, situemos ese balance en termos relativos nos tres niveis aos que eu me referín: o político, a base material e a situación concreta.

No plano político partiamos dunha situación, como xa dixemos, de certa prevalencia de Galiza dentro do marco das autonomías e dos seus dereitos históricos. E, curiosamente, ¿cal é hoxe o peso institucional do noso país? ¿Cal é o resultado de once anos de goberno Fraga? ¿Correspóndese o papel que ten Galiza no Estado español como unha autonomía das nacionalidades históricas que foron as que orixinaron en definitiva a existencia do Estado das autonomías? Fagan vostedes un repaso na súa cabeza e, retirando as autonomías uniprovinciais, o resto das autonomías contan hoxe con máis peso institucional e político. É dicir, este Goberno degradou o noso papel institucional. Ben é certo que en Galiza, nos últimos anos, estivemos gobernados pola persoa que menos cre no título VIII da Constitución, e que xogou o papel de rémora para darlle unha redacción máis reaccionaria e menos favorable a que recollera acadamente o carácter plurinacional do Estado. Así non é de estrañar que utilizara Galiza como moeda de cambio nese debate, para fortalecer as súas teses.

¿Algúns dos que estamos aquí presentes, algún de vostedes, aínda hoxe, lle escolitou nunca ao señor presidente da Xunta, referíndose a Galiza, falar de nacionalidade histórica? Efectivamente, lembrámoslle que é un termo constitucional, señor Fraga. Quen non está disposto a utilizar ese termo porque lle rechía xa sabemos que declinará moitas veces exercer a súa responsabilidade como presidente dunha nacionalidade histórica e utilizará o cargo para incidir en anular ese carácter, como xa pretendeu facer cando se redactou a Constitución.

Así se explica que nunca se usara o artigo 131.2, e aí teñen propostas de resolución da Constitución, para reclamar a participación na planificación económica do Estado, nos plans que elabora; que nunca se usara o artigo 150 para solicitar competencias de peso; que nunca se usara o recurso do Tribunal Constitucional para evidenciar o recorte de competencias exclusivas por unha lexislación básica estatal que invade aspectos competenciais galegos.

Estamos a falar de competencias exclusivas, señoras e señores deputados. A palabra “exclusiva” todos sabemos a significación que ten, non é importante nin significativa nin relativa, é exclusiva. Pois no terreo no que temos competencias exclusivas, e cando se recortan intereses fundamentais do noso país, hai que exercer como presidente, como Xunta de Galiza, e presentar os recursos que faga falta.

Estanse recortando hoxe competencias exclusivas recollidas polo Estatuto no terreo do comercio, e cando hai conflitos deste teor, cando hai discrepancias e aparece a posición do Goberno central enfrontada a intereses galegos, vostedes sempre inclinan a balanza do lado do Goberno central.

O comercio galego fixo onte unha folga, está aseado por un decreto que vulnera dereitos fundamentais e vostedes amparan o Goberno central.

Os montes comunais sofren unha lexislación. Temos competencias exclusivas en montes comunais, pero vostedes amparan esa lexislación que lle pon unha fiscalidade determinada.

Vostedes ven como na nosa pesca os pescadores seguen hoxe sen ter un acordo con Marrocos, e vostedes amparan a actuación do Goberno central.

Cando hai algún tipo de discrepancia ou conflito, ¿onde xogan vostedes?, ¿en que campo se sitúan? Teñen instrumentos constitucionais, teñen instrumentos estatutarios e teñen competencias que defender, porque se está falando de intereses básicos. Nunca xogaron un papel relevante na negociación orzamentaria, e así, ano tras ano, padecemos as consecuencias dun *puzzle* estatal que acaba sempre prexudicándonos.

Sempre o seu papel foi o de escudo protector das accións de goberno na súa perspectiva uniformizado-

ra. Sempre un papel de utilizar a máscara do heroe publicitario e mediático cun enorme coro de acólitos, pero que nunca ten despois correspondencia na realidade.

No plano material, situación de chegada tamén no plano material.

E falemos de grandes cousas, non xa de pequenos datos, que onte se deron aquí e con detalle; os datos significativos que vostedes non poden contestar. Non nos digan que os falsifiquemos.

Fraga chega a presidente da Xunta sendo Galiza rexión obxectivo número 1, cunha renda inferior ao 75% da da Comunidade Económica Europea. Once anos de Goberno Fraga e seguimos na mesma situación.

No terreo do mercado do traballo —do dereito ao traballo, mellor dito, porque non é unha palabra que me guste utilizar—, Fraga chega con 100 ocupados e 124 inactivos ou parados. Hoxe, despois de once anos de goberno, por cada 100 ocupados hai 148 inactivos ou parados, e a tendencia do contorno, esa relativización á que eu me refería, é a contraria.

No terreo das infraestruturas están recorrendo sistematicamente ás autovías como a panacea para salvarlos a vostedes. ¿Pero non se dan conta de que somos os últimos de Filipinas no tema das autovías, e aínda non as remataron despois de once anos de goberno? E ademais, outros teñen autovías, teñen ferrocarril, teñen portos e aeroportos e seguen investindo. E o problema é que aquí utilizamos a autovía como moeda de cambio para recortar os investimentos importantes nun terreo como é o do ferrocarril, do que non quero falar porque realmente xa chega á náusea.

Señor Fraga, catro anos da lexislatura famosa do ferrocarril, e díganos un só traxecto do noso país no que se circule a velocidades medias de 150 quilómetros por hora, que é o que acordou este Parlamento hai seis anos. Díganos vostede cuántas obras inaugurou, non nos fale de publicidade, non nos fale de recursos. ¿Cantas obras inaugurou? ¿Cantos quilómetros de dobre vía? ¿Cantos quilómetros de electrificación? Diso é do que hai que falar, señores do Partido Popular, cando se fala de ferrocarril, e non volvernós

coa cantilena de que a velocidade e a alta velocidade chegará, cando no GIF este ano volve haber cero pesetas nos orzamentos do ano 2001. E o GIF é o ente encargado polo Estado de desenvolver a alta velocidade ferroviaria.

Tendencias demográficas, señor Fraga, alén da literatura barata e de palabras para encher un discurso que se contradí cos feitos.

Incendios, a gran estrela. Vostede fixo unha instrumentalización partidaria, desbotou o dictame dunha comisión parlamentaria e desbotou as propostas que ano tras ano, e en tempo de chuvia, faciamos dende o Bloque Nacionalista Galego para poñer en valor o noso medio natural e tentar reducir o número de lumes. E agora, cando as cousas van mal, a culpa é disparar a destra e sinistra: a alcaldes, a propietarios de montes comunais ou mesmo ás forzas políticas.

Onte recoñeceu vostede un dato significativo. Despois de gastar 70.000 millóns de pesetas dise que é un éxito, despois de once anos, que neste ano se queimara a cuarta parte dende o ano 1989. ¿Sabe o que iso significa? Son 44.000 hectáreas despois de gastar 70.000 millóns de pesetas, e aínda por riba lles parece normal; o que é moi indicativo de cál é a súa instalación intelectual.

Sector enerxético. Díganos un só dato cualitativo que avale a utilización dese potencial que temos, das vantaxes comparativas e das externalidades que padecemos. ¿Cal é a utilización dese diferencial que producimos ao longo do tempo entre produción e consumo? Esa é a realidade.

E no plano conxuntural e concreto das accións de goberno nas que se asentán as nosas propostas de resolución, respecto da concepción do poder, ¿é hoxe máis igualitario? ¿Non existen recomendacións? ¿Hai menos discrecionalidade? ¿Hai menos caciquismo? Pregúntenlles vostedes aos cidadáns.

E o caso Bemposta é un caso indicativo. Cando alguén se nega a “entrar polo aro”, toda a batería do poder institucional cae con todo o equipo sobre esa institución.

E a súa gran frase: “Galicia está no mapa”, é unha frase bonita. “Conseguimos que Galicia estivera no

mapa”. Foi o gran salto cualitativo. ¿En que mapa, señor Fraga?, ¿no modelo do financiamento que se decide en Madrid?, ¿no mapa do ferrocarril no que hai vía única e velocidades medias comerciais no interior do noso país de 60 quilómetros por hora?, ¿no mapa do sector lácteo que propicia que os centros de decisión da estratexia industrial se deriven fóra de Galiza?, ¿no da pesca, que, aínda sendo a panca pesqueira do Estado, somos monigotes de decisións políticas que se toman noutros lados?, ¿no mapa sanitario, cun modelo cuestionado nesta tribuna, na sociedade galega, por profesionais, forzas políticas e sociais, e que só están dispostos a modificar propagandisticamente cando llelo ordenen en Madrid? Seguramente en termos cualitativos —e díggollo incluso con pesar, señor Fraga— representou máis para Galiza o traballo e o ascenso político do Bloque, e para o seu peso no mapa político, que o traballo do seu Goberno nestes once anos.

Respectando, señor Fraga, os resultados electorais, hoxe hai que entender —e así o entendeu moita xente na sociedade— que o Goberno Fraga era unha prolongación rutinaria do pasado, e o ascenso do BNG interpretouse como viveza política.

É certo que incluso xa se modificaron de forma importante os discursos, a nivel de palabras, aínda que só sexa. É certo que hoxe grupos sociais, profesionais e políticos pasaron de asignarlle ao noso país un papel *sine die* de realidade subsidiada para empezar a aceptar que na realidade galega, na base material e na realidade social, hai potencialidade para unha sociedade e para unha economía autocentrada e xeradora de riqueza, pero cómpren as políticas acaídas.

Nese cambio de discurso político no que a autoestima é un factor relevante, o BNG, entre outros, ten un traballo e un esforzo sen o que sería incompreensible.

Reflexione, señor Fraga, na súa peripecia vital, e en cómo a defensa da dignidade de Galiza que leva feito o BNG ao longo da historia ten algunha parte alícuota no feito de que vostede se vira obrigado a facer onte aquí un discurso con máscara galeguista, defendendo o idioma e invocando a Castelao e a Curros. Paradoxal, ¿non si?

É, pois, hora de que a acción de goberno supere a concepción da rutina diaria do uso do poder e deixe paso á ilusión, ás ideas e aos presupostos que tentan construír sobre o que xa hai, pero corrixindo e cambiando en moitos aspectos a estrutura do edificio. E nesa dirección é na que se debe encarrilar a acción de goberno que nós recolleemos como liñas directrices nas nosas propostas de resolución.

Como os mandamentos, poderíamos sintetizalos basicamente en dúas ideas. Por contraposición evidente ás carencias ou actuacións equivocadas no pasado, aí hai importantes propostas de resolución. E como panca para mover o futuro tamén ofrecemos outras propostas de resolución.

Teñen, en realidade, a argamasa do que debe ser unha acción de goberno: poñer os resortes do poder ao servizo dun proxecto de país no plano institucional, dun modelo social que persegue a redución das desigualdades, de articular un modelo de acumulación sobre o que son as nosas vantaxes comparativas e as especializacións productivas que poden xerar un desenvolvemento equilibrado.

Ler moitas das nosas propostas de resolución debería provocar o enrubramento dos membros do Goberno e do presidente, á vez que se lles propoñen cousas elementais para o benestar dos cidadáns galegos fáciles de efectivizar con vontade política, e que once anos despois do Goberno Fraga seguen aínda pendentes. Argumentémolas definitivamente por bloques temáticos:

No plano estritamente político responden a un deseño institucional que utiliza o marco xurídico-político na súa máxima capacidade para defender mellor os intereses do noso país.

Queremos participar na planificación económica do Estado cando se marcan as directrices orzamentarias e os plans xerais, e amparámonos na Constitución e no Estatuto para facelo.

Só quen está xogando un papel pasivo, non acorde coas responsabilidades para as que foi elixido, pode aceptar tranquilamente, sen mover un dedo, o Plan hidrolóxico que esquece a Terra Chá, a Limia, o Val de Lemos, ou as cifras orzamentarias do ano 2000.

Queremos participar nas delegacións europeas cando estean en xogo os intereses vitais para os sectores estratéxicos do noso país.

Queremos ofrecer, en fin, e discutir, un modelo de financiamento das comunidades autónomas que realmente permita a autonomía financeira e garanta a suficiencia.

O noso proxecto de país e de articulación no Estado que se plasma nas nosas propostas de resolución pasa por superar esa aparente contradicción interesada que presenta como enfrontados os dereitos individuais cidadáns e os dos pobos, cando son dúas caras dunha mesma moeda, esquecendo que os seres humanos teñen como característica fundamental o seu carácter social e que para desenvolver plenamente o seus dereitos e liberdades individuais é imprescindible facelo nunha sociedade, nunha realidade concreta, e que moitos deses dereitos teñen un carácter social que hai que desenvolver nunha comunidade; e quen nega a diversidade, o que no fondo está negando é a posibilidade de realizarse plenamente a persoa. É máis, os que pretenden atopar unha contradicción entre dereitos individuais e colectivos fano para sacralizar un marco referencial para a elaboración política e xustificar as tendencias uniformizadoras negadoras da diversidade. Se se acepta deseñar unha política para un marco referencial hai que ter grandeza de miras para poder ser capaz de discutir que é posible articulalo para outro.

No século XXI todos asistimos —e o presidente fixo referencia onte— a ver como unha comprensión máis racional da relación do home co medio ambiente permitiu elevar a biodiversidade das especies á categoría de valor que hai que preservar, que se identifica con fontes de toda a vida. Pois ben, nós estamos convencidos de que o século XXI será o século en que a diversidade das creacións dos homes e mulleres plasmada en culturas, idiomas, formas de ser e de crear será o modelo sobre o que se articulará a convivencia pacífica e tolerante dos distintos pobos do planeta, en pé de igualdade e coa ósmose de culturas para o enriquecemento mutuo; e coa plasmación correspondente no plano político dunha arquitectura que permita facelo.

Propoñemos tamén a dignificación da actividade pública e situar a política no papel que nunca debeu perder e que para nós sempre tivo, como instrumento

ao servizo dun proxecto colectivo.

No plano da orientación da actividade económica propoñemos os resortes para articular un modelo de crecemento equilibrado e de futuro que poña en valor e que articule as especializacións para as que o noso país está mellor dotado, xunto coas actuacións de choque inmediatas para impedir a destrución dos sectores e das empresas.

Aí teñen as perspectivas de articulación do complexo agro-industria, especialmente no sector lácteo, que, ademais, cando comparecen no Parlamento, reclaman os propios axentes sociais.

Aí teñen unha política industrial perfectamente definida, asentada sobre o que deberían ser os nosos sectores estratéxicos pero sen perder de vista a diversificación, e, dende logo situando o sector estratéxico e o noso diferencial, favorable hoxe e no pasado, como punto de apoio capital.

Aí teñen indicadores de cómo se debe poñer en valor e impedir a deterioración sistemática de todo o que está relacionado coa nosa pesca e cos seus derivados. Ese potencial humano, social, económico, industrial e profesional que foi quen de crear o noso pobo sería unha auténtica actuación delictuosa deixalo esmorecer.

Aí teñen propostas de ordenación de cultivos que poñen en valor o noso medio natural, que recuperan a superficie agraria útil e que modifican as causas estruturais que provocan un número tan alarmante de incendios forestais.

Condenamos, señor Fraga, como non podía ser doutra maneira, os incendiarios, e pedimos a súa persecución, pero non aceptamos calar ante a soberbia dun executivo que ve como normal e positivo o resultado da campaña deste ano con 40.000 hectáreas queimadas; e di que só é a cuarta parte do ano 1989 e queda tan tranquilo.

Aí teñen, en fin, propostas para defender a estrutura comercial galega. Porque se noutros sitios o decreto de horarios comerciais pode ser prexudicial, no caso galego, coa nosa estrutura comercial, permanecer calados representa unha complicidade absolutamente intolerable.

No terreo das condicións de vida de homes e mulleres, e nos servizos públicos, vostedes atoparán nas nosas propostas de resolución unha batería de iniciativas orientadas a reducir as desigualdades sociais, á real e efectiva igualdade do home e a muller, a facer da ética na actividade pública o valor prevalente e a sentar as bases dunha política de emprego tendente a proporcionar un traballo digno ao común dos galegos e galegas, nuns servizos públicos que respondan a xerar unha redistribución da riqueza e fornezan ás persoas minimamente dunhas condicións sociais igualitarias.

Nas infraestruturas pedímoslles simplemente que fuxan vostedes da publicidade, da propaganda e do autobombo; non nos favorece no *puzzle* do reparto dos orzamentos do Estado. En ferrocarril, en portos, en aeroportos, cambien de discurso; obras son amor, e iso é o que queremos ver, e non discursos publicitarios.

Como fío conductor de todas estas propostas de resolución está a idea de que a política consiste na arte de utilizar mellor os resortes do poder, que non consiste en utilizar os resortes do poder para perpetuarse nel, e niso temos que recoñecer que son vostedes auténticos mestres, señor Fraga. ¿Cantas vontades compradas ao longo de once anos? ¿Cantas conciencias adormecidas dende o erario público? ¿Cantas liberdades mediatizadas pola presión? ¿Cantos recursos destinados a xerar dependencias e vínculos polo poder? ¿Esta é a sociedade que vostedes queren construír? ¿Esta é a sociedade que vostede quere construír, señor Fraga?, ¿a do pensamento único?, ¿a da persecución do discrepante?, ¿a da uniformización das mensaxes?, ¿a do trato de favor? Esa música, esa sociedade, xa a coñecemos, e non nos gusta.

En definitiva —remato, señor presidente—, volvamos ao principio. Poñamos a política ao servizo dunha partitura que existe na sociedade, na base material galega. Precisamente un dos problemas do noso país está no exercicio do poder, na política, non nas potencialidades que ten o noso pobo. A sabedoría popular galega foi quen de sintetizar a realidade nunha frase moi breve: Galiza perde pola “xunta”. Ese é o noso problema, que temos que cambiar o Goberno, temos que cambiar o instrumento político que administra os recursos.

E, para rematar, sigamos en clave musical, señor presidente. Hai críticos musicais que quixeron ver na sinfonía número seis de Tchaikowski, a *Patética*, argumentos para avalar as teses de que a súa morte foi un suicidio. Interpretaron que se trataba do seu testamento musical, especialmente no seu cuarto movemento, o *adagio lamentoso*, que mesmo conciben os seus acordes finais como un corazón que deixa de latexar.

Eu non sei se será ou non o testamento musical de Tchaikowski, pero o discurso do señor Fraga onte sooume a despedida política, actuando en moitos casos como oposición. Non vimos ilusión, señor Fraga, non vimos proxecto, non vimos futuro. O pasado instrumentalizárono vostedes, o futuro, señor Fraga, é do noso pobo, e nas nosas propostas de resolución, nas propostas do BNG, esbózanse sinteticamente as portas a ese futuro esperanzador.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario Popular non vén presentar a esta Cámara propostas de resolución automatizadas, ¿saben as súas señorías?, feitas cun *maquinillo*, sacadas dalgún baúl daqueles que había nas casas das avoas. As mulleres e os homes do Grupo Parlamentario Popular traballaron estes días, señor presidente, para presentar unhas propostas de resolución que pretenden engarzar, que queren subliñar, o discurso que o señor presidente da Xunta fixo onte nesta Cámara; a radiografía dun país do que nós formamos parte, señores da oposición.

O Grupo Parlamentario Popular presenta 40 propostas de resolución, 40 razóns para traballar, 40 razóns para alcanza-los obxectivos de calidade que estamos a piques de lograr. O Grupo Parlamentario Popular o que non quere facer, e o que non vai facer, é poñer enriba da mesa dous discursos.

Verán. Onte o presidente do Goberno de Galicia fixo o discurso de política xeral, fixo a radiografía do país e puxo enriba da mesa propostas, novos elementos, que complementan ese deseño.

Hoxe eu pensaba que o líder do Bloque Nacionalista Galego fixera o mesmo, pero acabo de me dar conta agora de que o señor Suárez Canal acaba de facelo discurso enfrontado ó do señor presidente en representación do Bloque Nacionalista Galego. Nin unha soa proposta de resolución, datos, cifras e críticas.

Señores do Bloque, se ó señor Suárez Canal é ó que representa non lle gustou onte o discurso do seu portavoz, arránxeno de portas para dentro (*Murmurios.*), non presenten a esta Cámara dous discursos, que, ademais, como veremos, son discursos que se contradín un co outro. Nada de realidades do país, señor presidente, señorías, absolutamente nada de realidades do país. Vostede traía ese discurso que eu lle chamaba do baúl da súa avoa, enlatado, como din os das novas técnicas de información, e soltounos como un vendaval unha serie de verbas mal medidas, ben expresadas, pero sen ningún fundamento.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, témo-la convicción de que cando vostedes negan os feitos é que non queren que se produzan. ¿Sería vostede, señor Suárez Canal, capaz de dicirle a esta Cámara cáles das realizacións do Goberno Fraga non quere o Bloque que se se fixeran? ¿Quere contestar se acaso no tema das autovías é a opinión do Bloque que non son necesarias para o país? ¿Acaso a famosa Sogarisa non é unha realidade que está no país? ¿Acaso o Bloque non quere que Sogarisa exista? ¿Non queren vostedes que existan as depuradoras que están funcionando no país? ¿Cales son os feitos que onte reflectiu o presidente do Goberno de Galicia e que non quere o Bloque Nacionalista Galego que sexan realidade? Porque non houbo nin unha soa verba por parte do señor Suárez Canal, nin diso nin dunha soa proposta de resolución. Menos mal que as lemos, señores do Bloque, porque, se non, esta Cámara non tería neste momento nin a máis mínima idea de cáles son as propostas que o Bloque Nacionalista Galego fai a este debate. Si que sabemos que teñen dous discursos, un máis pausado, máis de home veterano, outro máis aloucado e atropelado, que é o do señor Suárez Canal, pero ningunha proposta de resolución.

Por certo, que o señor voceiro do Bloque refería que este era o último debate dunha época. Mire, señor Suárez Canal, que o señor Beiras probablemente non volva estar nun debate nesta Cámara non quere dicir que se acabe unha época. Digo isto porque o señor Beiras acaba de dicir que, se perde as próximas eleccións autonómicas, non se volve presentar, e mire, aquí ata o máis *tonto* sabe que o señor Beiras non vai gañá-las próximas eleccións autonómicas; polo tanto, non me diga que este é o último debate dunha época porque non é así.

As propostas da maioría, señor presidente, son propostas que responden a principios discutibles, se queren, pero a principios. Son propostas, señores da oposición, especialmente señores do Bloque, que teñen alma; estaremos errados ou non estaremos errados, pero non saen de apertar un botón e soltalas —permítame, señor presidente, a expresión— “como churros”. As propostas de resolución son 40 razóns que pretenden ser políticas —como lle dicía— de calidade para a cidadanía.

E, por suposto —vaille torce-lo pescozo de mirar para atrás—, son 40 propostas que miran para adiante, coa humildade que teñen que ter, coa contundencia con que as presentamos, e con esa alma imprescindible, señores do Bloque, para que unha proposta política teña visos de ser aceptada pola cidadanía.

Señor presidente, señoras e señores deputados, queremos persoas máis libres, señores do Bloque, ¡máis libres! Polo tanto, queremos persoas máis formadas, porque sabemos que a formación de todas e de tódolos nosos conveciños é a clave para que sexamos persoas libres.

Por certo, falando de liberdade, é ben triste que teñamos que botar man do currículo familiar de desgracias políticas. Porque miren, señores do Bloque, se acudimos a ese currículo de persecucións e de detencións por liberdade de credo, teñan a convicción de que eu lles gaño á maioría de vostedes. Pero é precisamente ese acto de liberdade o que fai que eu me sente ó lado dun conselleiro do Goberno de Galicia ó que onte se lle faltou terriblemente ó respecto.

Se vostedes queren a guerra dese currículo, señor Suárez Canal, non teña ningunha dúbida de que eu lle gaño, tristemente para a miña familia. Pero co-

mo nacín libre, como teño dito a esta Cámara moitas veces, porque a miña idade non dá para máis, eu elixo con quen me sento. ¿E sabe cál é a casualidade, señor Suárez Canal? Que eu me sento deste lado; a miña liberdade e o meu currículo fatídico nesa materia fan-me sentarme neste lado.

Persoas formadas, como nas propostas números 11, 12, 13, 33 e 34. Esas propostas de resolución son as que procuran subliñar-las condicións que Galicia necesita para que avancemos nesa materia.

Queremos, señor presidente, señoras e señores deputados, persoas máis libres, e para ser máis libres temos que coñecernos moito máis e moito mellor. Temos que facer un esforzo permanente para que tódolos galegos e tódalas galegas coñezan o que lles rodea. Ese impulso do que é próximo, do que está no noso contorno, o coñecemento diso fainos libres. Non lle queremos contar á xente historias para non durmir sobre cousas que nunca aconteceron, senón que queremos poñer en liberdade eses elementos, especialmente na xente máis nova, especialmente nos pequenos, para que sexamos máis libres.

A cultura, señoras e señores deputados, é o elemento capital do coñecemento de quen eramos, de quen somos e de a onde queremos ir. Por iso presentamos tres propostas dentro deste principio: a 18, a 19 e a 20. A 18 para completa-las posibilidades que as redes de biblioteca poden ter nesta materia. A 19 para promove-lo acercamento da música, que forma parte da nosa personalidade. E a 20 para continuar coa recuperación do patrimonio arquitectónico, onte *vapuleado* por algúns voceiros da oposición, e que, insisto, define o que fomos, o que somos, e sobre todo o que queremos ser.

Señores da oposición, unha sociedade máis libre é unha sociedade con máis igualdade. Por certo, ¿sabían as súas señorías, e dígollo especialmente ó señor Suárez Canal —é que vostede hoxe estaba para nota, por iso insisto tanto—, que a CIG acaba de propoñer —aquí teño o recorte e dígollo para que tome nota porque convén facelo—, dentro das súas políticas de igualdade, que as mulleres despois de ter un fillo —permítanme a paréntese, saben as súas señorías que se pode alterna-la responsabilidade, pedi-la ausencia do traballo durante catro meses, en concreto durante tres,

tanto o pai como a nai do pequeno, dentro das ordenanzas laborais— marchen un ano para a casa? (*A señora Fernández Davila: ¡Mentira! Homes ou mulleres.*)

Señor presidente... (*O señor Pita Varela: ¡Verdade!*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Non interrompan, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ...unha sociedade máis libre é unha sociedade máis igual, pero máis igual para non facer esas cousas e máis igual para elixir. (*A señora García Negro: ¡Falso!*) Líbrenolo máis común dos sentidos de que as súas señorías tiveran responsabilidades. Andaríamos todos coa vara detrás para dicirnos cál é o sacrosanto deber dun cidadán galego rexido polo Bloque Nacionalista Galego. Señores do Bloque Nacionalista Galego, está escrito neste xornal, non é unha invención deste grupo parlamentario.

Diciamos que hai que conseguir unha sociedade máis igual, seguir traballando para unha sociedade máis igual. E é verdade, e hai que dicilo, que Galicia é un magnífico escenario para falar de igualdade, e que as galegas e os galegos, non só os populares, senón os que viven con nós, teñen unha profunda convicción do que son os principios de igualdade entre nós.

Miren, recordemos cómo temos vivido nós. O papel das nosas mulleres maiores nas nosas familias, o papel da muller galega no agro. Non é o papel do Bloque Nacionalista Galego, que quere manda-las mulleres un ano para a súa casa.

Presentamos, señor presidente, a proposta de resolución número 29 e a proposta de resolución número 32 para reivindicar máis igualdade, para seguir crecendo dentro do país, para seguir tendo máis oportunidades e máis calidade nesa liberdade.

A número 29 é para executar un programa de desenvolvemento físico efectivo, incidindo na educación sexual nas escolas e na realización de talleres e xornadas dirixidas ós mozos. E a segunda, a número 32, é para facilita-la contratación de axudas domiciliarias para o coidado dos fillos a través da profesio-

nalización e da regulación do traballo doméstico, mediante unha axuda, dentro das disponibilidades presupostarias, á inclusión das traballadoras domésticas no seu réxime específico da Seguridade Social.

Señores do Grupo Socialista, tamén queremos máis igualdade. Decía a deputada Villarino que os socialistas son os preconizadores da igualdade. Estou vendo a faciana dalgúns compañeiros da cidade de Vigo, e alí sábese o que é a igualdade socialista alomenos na xestión. Eu da intención das súas señorías créanme que non dubido, pero da xestión... ¿Sabe cál é a igualdade socialista en Vigo? Todos témo-las beirarrúas igual de sucias, todos témo-los xardíns igual de abandonados, todos vivimos no mesmo atasco permanente e todos temos que face-las mesmas colas para calquera servizo público.

Home, señora Villarino, nós falamos de igualdade, pero de igualdade de oportunidades, non de que esteamos iguais nas miserias, porque as miserias teñen que desaparecer. Pero ben, señor presidente, é certo que este principio de liberdade queda ben acreditado nas propostas de resolución.

Miren, señores da oposición, un país rico —con maiúsculas— non é un país onde vostedes gobernen. Vostedes están trabucando riqueza con capacidade de gobernar. A vostedes as cousas parécenlles ben cando están no *machito* e parécenlles mal cando non o están. Esa é unha tentación que podemos ter todos en calquera momento, a diferenza é que creo que algúns procuramos loitar contra ela, e onte quedou acreditado que algúns o imos conseguindo.

Riqueza é o elemento clave para que a liberdade sexa de verdade efectiva. E riqueza son os elementos que onte o señor presidente do Goberno de Galicia poñía enriba da mesa para a súa discusión. Por certo, pouca discusión houbo sobre eses números, porque, evidentemente, os números son machacóns.

¿Ten algo que dicir o señor Suárez Canal ou o señor Beiras —o que vaia face-lo discurso do Bloque— sobre o PIB galego, sobre o crecemento da nosa economía en termos absolutos e relativos comparados con España e con Europa? ¿Teñen algo que dicir sobre a creación de emprego nos últimos meses e nos últimos anos, sobre os elementos de modernización do agro, discutibles, sobre a renda agraria e a súa evo-

lución, da que, por certo, falamos hai uns poucos días nesta Cámara, etc.?

A riqueza que permite vivir en liberdade é a riqueza que se pode plasmar nos papeis, a que ten detrás unha acción de goberno que onte foi explicada polo señor presidente do Goberno. ¡Vostedes, nin unha proposta de resolución, señores do Bloque, nin unha verba! Nos outros bancos da oposición —permítanme que diga— temos absoluta desconfianza de que as propostas que si que teño que recoñecer que fixeron poidan ser levadas á práctica, porque temos unha moi mala experiencia de cómo non funcionaban.

Esta riqueza á que nós lle queremos chamar “o motor de Galicia” permite que o Grupo Parlamentario Popular presente unha serie de propostas de resolución, a 14, a 15, a 16 e a 17, dentro do que é o mundo do agro.

Por exemplo, a número 14, para seguir na construción de lonxas agropecuarias, tendo en conta a necesidade de adapta-las producións agrarias á rápida dinámica dos mercados; un elemento de xeración de riqueza directa. Non son palabras, son elementos que permiten desencadear procesos de creación de riqueza e de aumento das rendas.

Por exemplo, a número 15 é para que se elabore e publique a normativa reguladora da produción leiteira en Galicia.

A número 16, para que se articulen mecanismos normativos e funcionais que ó amparo dunha normativa unificada de calidade, e mediante o establecemento de instrumentos efectivos de control, permita proxectar-los produtos alimentarios galegos con garantías de calidade fiable en liña coas actuais esixencias do mercado. Isto é estar na realidade competitiva das cousas e permitir elementos —como lle dicía— de riqueza.

E a 17, para que se aborde un estudio profundo e obxectivo sobre a situación actual do sector cárnico en Galicia, determinando para cada zona —e isto é o máis importante da proposta de resolución—, de acordo coas súas peculiaridades e posibilidades de mercado, as producións máis aconsellables e que se formulen os mecanismos precisos para a súa dinamización. Isto é racionalización dos recursos, poñer en valor eses recursos.

A pesca, señoras e señores deputados, é outro dos motores que están a xerar riqueza no país. O voceiro do Bloque plantexaba: “É que vostedes en Marrocos non fixeron nada”. Pero ¿como se pode dicir con semellante alegría que o Goberno de Galicia non actuou no asunto de Marrocos? ¡Pero vamos ver! ¿É que acaso na sede parlamentaria non podemos colocar enriba da mesa o exemplo de que vostedes mesmos están traballando con deputados deste grupo, e nun grupo de traballo do que vostedes mesmos din que está traballando satisfactoriamente e que está conseguindo moitas cousas? ¿Quen está aquí trabucado?, ¿vostedes cando en privado recoñecen o esforzo dese grupo, coa participación, por suposto, da maioría, ou en público, cando din que a maioría non fai nada por Marrocos?

Iso é dunha manifesta irresponsabilidade, porque miren, señores do Bloque, o que pensen dun deputado ou dunha deputada deste grupo ten pouca importancia, pero que vostedes estean xogando coa potencialidade e coas posibilidades dun sector é absolutamente... ¡Non se pode permitir, señorías! Vostedes aplican permanentemente —o caso da pesca é flagrante— o principio de que o fin xustifica os medios. Podemos perder barcos, podemos perder caladoiros, ¡ah, iso si!, pero que o Bloque non se teña que retrucar en público. Iso é absolutamente inaceptable e o que estea facendo iso estalle faltando a Galicia. Saiban as súas señorías que non lle están faltando soamente ós seus deputados, senón que lles están faltando a Galicia.

¿Por que non hai propostas, por exemplo, señor Suárez Canal, como as que facemos nós en materia de pesca, para poder, por exemplo, comprar barcos que levan varios anos faenando? (*O señor Lobeira Domínguez*: Non ten nin idea.) Estamos a competir coa demais xente. ¿Por que non facemos apostas como fai a segunda das propostas de resolución que presentamos en materia de pesca, a número 31, que pretende busca-los *resquicios* para que si poidamos evitar situacións desgraciadas como as que temos vivido co último accidente que sufrimos?

O comercio, señoras e señores deputados, é outra das patas dese motor económico de Galicia que permite a liberdade. Vostedes, ata aquí, nada de nada, señor Suárez Canal. Vostede aquí co *maquinillo*, co automático posto, e, de propostas, nada de nada; de discutir temas concretos, nada de nada.

O comercio, señor Suárez Canal, é un elemento básico de creación de riqueza. ¿Sería tan amable a súa señoría de discutirlle a lexisladores que están aquí sentados que o artigo 30, apartado 4 do Estatuto de autonomía, lido onte polo presidente do Goberno nesta tribuna, non di o que di? ¿Acaso non salvagarda por motivo de competencia a facultade do Estado? ¿É que acaso vostede, na sede parlamentaria —non estamos noutro foro—, diante de lexisladores, é quen —o deputado do Bloque Nacionalista— de explicar iso? Iso é, créame, señor Suárez Canal, absolutamente inexplicable.

Temos que ter —as nosas propostas téñeno— un apoio á empresa. Onte saía no discurso do señor presidente do Goberno en varias ocasións, como unha mensaxe clara e principal: I+D+I. Ese é o camiño que se debe seguir, esa é unha das grandes apostas que hai que facer. Por iso, e porque o apoio ás empresas e o apoio á industria dentro desa filosofía é un enorme elemento de xeración de riqueza, nós planteámo-las propostas de resolución 1, 3, 4, e tamén a número 5.

O turismo, señores e señoras deputados, non é menos que un novo elemento de xeración de riqueza. E digo novo porque se presenta cun volume extraordinario; digo novo porque se presenta cunha nova planificación no país dende os últimos anos; e digo novo porque está a responder como un elemento principal —como lles dicía— de xeración de riqueza.

A proposta de resolución número 22 que presenta a maioría quere manter un esforzo continuado co fin de posicionar a Galicia como un destino turístico termal punteiro no ámbito internacional, elixindo xustamente esta parte das posibilidades turísticas ou este sector das posibilidades turísticas porque entendemos que é un dos que máis futuro ten e ademais é unha evidencia que Galicia está preparada e que Galicia pode ser un destino idóneo, ideal, en materia de turismo termal.

Liberdade nun país no que se xera riqueza debe significar obrigatoriamente creación de emprego. Onte viamos como os datos son claramente favorables á creación de emprego. Sabíamos e sabemos que hai elementos para dicir que estamos no camiño acertado. Sabemos que hai elementos obxectivos que nos

din que o emprego está crescendo en Galicia, e nós, señor presidente, queremos subliñalo. Nas sociedades nas que o acceso ó emprego falla, os outros elementos que contribúen a cohesionala fallan estrepitosamente tamén.

A proposta número 35, a 36 e a número 10 queren contribuír a subliña-lo escenario, o magnífico escenario, que se nos presenta. Dentro da prudencia e dentro da mesura, pero tamén coa ilusión e coa contundencia de que sabemos que poden ser eficaces.

Por exemplo, a 35, para reforza-los programas dirixidos a mellora-las taxas de estabilidade no emprego, engadindo as medidas que beneficien directamente os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

A 36, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, para facilita-lo coidado dos fillos e o acceso e a permanencia no mercado de traballo, establecendo axudas, dentro das posibilidades presupostarias, que beneficien directamente as familias con fillos menores de tres anos. Creo, señorías, que incluso esta é especialmente nova.

A número 10 falaba, señor presidente, de continuar co plan establecido de orientación profesional, partindo da análise dos datos de inserción laboral dos alumnos que cursaron ciclos formativos e procurando a reorientación da oferta educativa en función das distintas variables do tecido productivo.

Se a maioría, señores da oposición, reflicte un escenario de liberdade, de xeración de emprego, de xeración de riqueza e de posibilidades de emprego, para nós é absolutamente imprescindible, e ten que ser imaxe de marca deste grupo parlamentario, que se faga dende o respecto e dende a harmonización co medio natural.

Partindo da idea de que aceptámo-lo principio de crecemento sostible, e no nome dos meus compañeiros, eu quérrolles engadir, señores do Bloque, que o medio natural galego non soamente significa o que a evidencia nos di, senón que ademais é un dos signos de identidade deste pobo. Un medio como o que temos, coas rías configuradas dese xeito, cos montes, coa media montaña, con algunhas zonas de interior, define perfectamente a nosa personalidade. Non se

pode separa-la personalidade dun galego ou dunha galega do que é a paisaxe que a circunda, onde naceu, onde vive ou onde traballa. Polo tanto, o mantemento das óptimas condicións do medio natural, a aplicación sistemática do principio inescusable de crecemento sostible, son condicións *sine qua non* para tódalas políticas que se fan dende calquera institución na que nós, os populares, nos atopemos.

Queremos, señor presidente, boas condicións de calidade de vida, e, como teño dito moitas veces, Galicia é un espazo privilexiado no conxunto de Europa para falar desta cuestión. Por iso presentamos propostas de resolución que apuntalen as moitas —eu diría que as moitísimas— propostas e accións que este Goberno ten feito en materia de ambiente. Discútanas, se queren, pero son moitísimas máis e de moitísimo máis calado que calquera dos outros deza-seis gobernos que en España están.

E crean as súas señorías que tomei a molestia, durante estes moitos anos de vivir con atención ás cuestións medioambientais, de comprobar que isto era así de certo. Critíquen as os que queiran, pero o compromiso do Goberno de Galicia co medio natural e co medio ambiente no que vivimos é un compromiso absoluto.

Na proposta de resolución número 37 queremos potencia-lo observatorio para a xestión sostible do monte como soporte de información, extensión e divulgación do sector forestal en Galicia, principal dos sectores onde os haxa.

A 38 é para crear dentro das posibilidades presupostarias un centro de formación e adestramento específico de persoal na prevención e na loita contra os lumes forestais. Por certo, señor presidente, que acabamos de escoitar de boca do voceiro do Bloque Nacionalista Galego que o bosque galego cada vez arde máis.

Mire, a impresión que eu tiven cando vostede referiu nese acelerado discurso o tema dos incendios é que a súa señoría estaba desexando ferventemente que o ano que vén a estatística de incendios se duplicara. Esa era a impresión que daba a súa señoría. Dirame que estou trabucado e terei que corrixirme, pero créame que llo digo absolutamente de veras.

A proposta número 39, a proposta número 40 e a proposta número 41, que ademais en concreto esta última pide reforzar e amplía-lo sistema de información ambiental, que non deixa de ser un elemento capital, son propostas de calidade; propostas de calidade para o medio ambiente de Galicia —insisto—, imaxe de marca dos populares en calquera institución.

Non podemos debuxar nestas propostas unha sociedade na que a saúde non sexa un eixo principal. Cada un dos pasos que imos dando nestas propostas de resolución fainos ver que forman todas elas un conxunto, e que sen unha delas as demais se virían abaixo. Por iso presentámo-las propostas 24, 25, 26 e 27.

Por exemplo, a número 24, señor presidente, é para que durante o ano 2001 se creen novas unidades de atención primaria de tarde, alomenos en tódolos concellos de 15.000 ou máis habitantes. Esta proposta concreta foi unha proposta feita polo señor presidente xustamente onte no seu discurso, e queremos, aproveitando ese anuncio, rematala iniciando, señores deputados, de xeito paralelo, o desenvolvemento deste programa nalgúns núcleos de máis de 10.000 habitantes. É dicir, estamos coa maior das ambicións para chegar rápido a tódolos lugares de Galicia.

A número 25 pide que instémo-la Xunta, pide que esta Cámara inste a Xunta a establece-lo mapa farmacéutico de Galicia. É conveniente que esta Cámara, que impulsou a Lei de farmacia, siga por este camiño.

A 26 é para impulsa-los programas de respiro a familias que teñan ó seu cargo persoas con discapacidades, para ofrecerlles un período de descanso. Saben as súas señorías a vida enormemente difícil que teñen estas persoas, queremos poñer un pé para axudarlles nese terreo.

E a 27, señor presidente, é para que a través da Consellería de Sanidade se amplíe a idade do programa de detección precoz do cancro de mama ó grupo de mulleres de entre os 65 e os 69 anos de idade. Todo isto nun ambiente onde distintas administracións, onde distintas institucións, conviven.

Seguro que as súas señorías están de acordo comi-go en que é precisamente cómo se desenvolven as relacións entre distintas institucións o que define tamén

o talento dun goberno. E teño que dicir que é convicción da maioría dos galegos, non só dos que votan ó Partido Popular, que Galicia, que o Goberno de Galicia, amosa un talento de diálogo, un talento de respecto polas demais institucións. Non quero poñer exemplos concretos, xa que están na mente de tódalas súas señorías, que acreditan dende posicións políticas distintas e dende institucións distintas, que iso é un obxectivo conseguido en Galicia. Pero, tanto é así, que, cando falamos disto, o concretamos; cando o Grupo Parlamentario Popular fala disto, concrétao.

A proposta de resolución número 9 é un exercicio, señor Suárez Canal, en tres parágrafos, de colaboración entre institucións, de cumprimento da lei e de descentralización.

Señor presidente, a maioría queremos propoñer á Fegamp, primeiro, un conxunto de materias sobre as que poder acordar transferencias ou delegacións con anterioridade ó 31 de xaneiro do ano que vén. As ditas transferencias irán acompañadas, se é o caso, da posta á disposición dos correspondentes concellos dos medios persoais e materiais necesarios para o seu desempeño, así como do custo efectivo que para a súa prestación veña supoñendo para a Xunta de Galicia.

En segundo lugar, estamos a establecer nas comisións de traballo da Comisión Galega de Cooperación Local os criterios a que haberá que acomodarse na distribución das transferencias de carácter finalista que cada ano se conteñan nos presupostos da Comunidade Autónoma.

E, en terceiro lugar, señor presidente, instamos a que —se existe consenso un novo elemento de cómo se traballa nas institucións, se existe consenso, e pola vía da emenda— se estableza na Lei de acompañamento unha porcentaxe de participación nos ingresos tributarios da Facenda galega que substitúa o actual Fondo de Cooperación Local. Este novo fondo terá carácter non finalista, sen prexuízo do necesario período transitorio que a súa implicación precise.

Este é un elemento concreto, señor presidente, do que significa descentralizar, do que significa estar nunha institución con respecto para as demais, e aplicando o principio de que quen ten que gobernar, quen mellor pode solucionar-las cousas, é o que está máis cerca do cidadán.

Quedan, por último, señor presidente, algunhas propostas de resolución que no contorno do que son os elementos que moven a economía apoian toda a construción que acabamos de facer: a construción da liberdade, a construción da riqueza, etc. Son a número 6, relativa ó Pedega, a número 7, a número 8 e a número 21, que dende distintos ámbitos conflúen nun único obxectivo, como lles dicía, de apoiar-las ámbitos económicos e os factores económicos que afectan —ou, mellor dito, que afectarán— o desenvolvemento das outras propostas de resolución.

E remato, señor presidente, con dúas propostas de resolución que quedaron para o final.

Unha delas reflicte a sociedade na que estamos. Galicia está, e onte acreditouse co discurso do presidente, entrando na sociedade da información. Vostede, señor Suárez Canal, quedou no século XIX. Pasamos da sociedade da industrialización á sociedade da información, unha sociedade na que nos custou ter un sitio e unha sociedade na que estamos entrando cos de primeira velocidade; aínda que ás súas señorías do Bloque Nacionalista Galego non lles guste, estamos entrando coas de primeira velocidade.

Galicia ten unha aposta firme por estar en pé de igualdade coas demais rexións de Europa nesta materia, e por iso presenta esta proposta de resolución, que soamente ela mesma definiría o noso país. Pero por se acaso lle faltaba algo, presentámo-la proposta de resolución número 23, que, ó lado do apoio ó desenvolvemento a esa sociedade da información en Galicia, pide que se celebre o próximo ano 2001, coa dignidade que se require, o 25º aniversario do falecemento de don Ramón Otero Pedrayo, o 150º aniversario do nacemento de Curros Enríquez e o 125º aniversario do nacemento de Ramón Cabanillas. Isto é un país na sociedade da información, un país que se coñece a si mesmo, que sabe quen é, que, como vimos onte, sabe clarísimamente cara a ónde camiña...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ...orgulloso do seu —estou a rematar xa, señor presidente— e que respecta absolutamente as persoas que lle ofreceron os mellores pensamentos e as persoas que lle ofreceron as mellores ideas; respéctaa absolutamente.

Acabamos de deixar enriba da mesa —esta é a miña última frase, señor presidente— 40 argumentos, porque sinxelamente cremos na igualdade de oportunidades, cremos na liberdade, e, señoras e señores deputados, certifico que estamos nun país onde iso é realidade; con dificultades e con atrancos, pero iso é unha palpable realidade.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Co fin de que se poidan acadar acordos sobre as propostas que foron expostas aquí, imos suspende-la sesión por 30 minutos.

Os voceiros pódense reunir na Xunta de Portavoces.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.

O señor PRESIDENTE: Por proposta unánime de tódolos membros da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres dou lectura á seguinte declaración institucional:

“A Marcha mundial das mulleres do 2000 é a consecuencia da Marcha contra a pobreza, que tivo lugar en Quebec no ano 1995.

En máis de 157 países dende o mes de marzo estanse celebrando multitude de actividades que culminarán o día 17 de outono en Nova York cunha concentración de mulleres de todo o mundo diante das Nacións Unidas, onde unha delegación política presentará ó secretario xeral Koffi Anan a plataforma reivindicativa de 17 medidas dirixidas fundamentalmente a elimina-la pobreza, a conseguir un reparto equitativo das riquezas mundiais entre os homes e as mulleres e a elimina-la violencia contra as mulleres para asegurar unha verdadeira igualdade.

As accións da marcha están en consonancia cos acordos da Conferencia de Pequín, que marcaron e continúan marcando as liñas que se deben seguir por tódalas mulleres e por tódolos gobernos.

Por todo isto, o Parlamento galego expresa a súa adhesión á Marcha mundial das mulleres, que baixo o lema *2000 razóns para marchar* quere chama-la atención sobre dous graves problemas que atinxen en todo o mundo á poboación feminina: a pobreza e a violencia exercida contra as mulleres, lacras que se resumen na seguinte declaración: ‘Contra a pobreza e a violencia para coas mulleres e pola paz’.

O Parlamento galego desexa os mellores resultados para os actos previstos en Bruxelas o 14 de outubro de 2000 e mais en Washington e Nova York o 16 e 17 respectivamente, onde se fará entrega a Koffi Anan, secretario xeral da ONU, do programa de reivindicacións elevado a esta organización internacional”.

Damos paso agora á rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas feitas polos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, xa ven todos vostedes a plasmación do áxil e rápido que é non chegar a acordos.

Ben. Vou utilizar esta rolda para posiciona-lo noso grupo, e non como fixeron outros, utilizando a súa primeira rolda, a respecto das propostas de resolución dos outros grupos, e vou empezar, como é lóxico, polas propostas dos grupos da oposición, cos que a concordancia nelas é moitísimo maior, como ademais é lóxico e evidente e a ninguén lle debe estrañar.

A respecto das propostas de resolución do PSdeG anunciamos que imos votar favorablemente todas, non sendo a número 75 na que imos absternos. E explico por qué imos absternos, evidentemente porque non é ningunha reacción caprichosa nin produto de ningún cabreo momentáneo, como máis tarde se plasmará na actuación de algún que outro grupo desta Cámara.

Imos votar en contra porque, efectivamente, aínda que poidamos entende-lo plantexamento, a número 75 fala de revisa-los criterios para a erradicación das empacadoras previstas no Plan de residuos sólidos urbanos. Nós manifestámonos dende o principio, e segui-

mos a manifestarnos e manifestarémonos, contra toda a infraestrutura que leva consigo a implantación do Plan de residuos sólidos urbanos actualmente en vigor. Polo tanto, non imos opoñernos porque o problema está aí e hai que solucionalo, pero ímonos abster nesa concretamente.

A respecto do Bloque Nacionalista Galego imos votar tamén favorablemente a maioría, a inmensa maioría, das propostas de resolución, absterémonos en dúas delas e votaremos en contra dunha, aínda que quero facer unha consideración no que respecta a unha concreta que imos votar a favor, mesmo non estando total e absolutamente de acordo co seu enunciado. Falo da proposta de resolución número 9, na que se insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno español para lle solicitar que unha parte do avultado orzamento do Instituto Cervantes se destine tamén á promoción e á difusión da lingua galega. Estamos total e absolutamente de acordo en que o Instituto Cervantes non debe ser só un instrumento para a promoción e a difusión da lingua castelá. A lingua galega, a lingua catalana e o euskera son linguas oficiais nas comunidades que pertencen ó Estado español, e ademais queremos que pertenczan ó Estado español; no único que non estou de acordo con parte da redacción desta proposta é cando se fala de “avultado orzamento”. Creo que o orzamento dunha institución destas características nunca é avultado, máis ben é sempre escaso. Pero conste que imos votar a favor desta proposta de resolución.

Ímonos abster, daquela, na proposta de resolución número 82, pois fala de corrixi-las previsións contempladas nos orzamentos do Estado para o 2001, na perspectiva de acadar cifras de investimento que porcentualmente se asemellen á nosa porcentaxe de poboación, e nós cremos que non só o parámetro debe se-la porcentaxe de poboación, senón que se deben ter en conta outros parámetros á hora de revisar e corrixi-las previsións contempladas por eses orzamentos, que, polo tanto, sería unha previsión a maiores.

E na 95, sobre o Instituto de Estudios Territoriais de Galicia, anunciamos tamén a nosa abstención, pero máis que nada neste caso por descoñecemento realmente, porque non sabemos moi ben cómo se fala de presentar unha lei do Instituto de Estudios Territoriais de Galicia. Claro, presentar unha lei para nós é algo

moi no aire nunha entidade que tería unha gran responsabilidade, asumi-las competencias do desenvolvemento urbanístico e a ordenación territorial do país, e parécenos unha proposta que queda así, moi no aire, e por iso anunciámo-la abstención.

E, evidentemente, o voto negativo é para aquela proposta de resolución na que mantemos —e así se demostrou en debates anteriores— unha discrepancia real co Bloque Nacionalista Galego, como é no tema do financiamento autonómico.

Evidentemente, nun debate anterior entre o portavoz do BNG e os outros portavoces, na intervención do noso portavoz quedou ben claro que a nosa posición non coincide —nin ten por que coincidir, evidentemente, pois cada un defende lexitimamente as súas posicións— coas propostas de financiamento do Bloque Nacionalista Galego por consideralas prexudiciais. Pensamos que Galicia con estas propostas perdería capacidade económica, e que a xeneralización deste modelo deixaría o Estado sen os resortes de redistribución social imprescindibles para o noso país en xeral, e, sobre todo, para as clases máis desfavorecidas do noso país, que é un dos obxectivos de loita por parte dun grupo evidentemente progresista e de esquerdas.

E, dito isto, non podo menos que mostra-lo meu asombro pola actitude do Grupo Parlamentario Popular. Señorías, por se non o saben, o Grupo Parlamentario Popular preséntase nunha xuntaza que tradicionalmente é para falar, para transaccionar, para debater, para poder chegar a acordos, acordos mínimos tradicionalmente, de dúas ou tres proposicións non de lei, cunha actitude —e perdóenme vostedes— chulesca e impropia dun grupo maioritario que ten ademais a responsabilidade de goberno do país, e fai o seguinte razoamento:

Os tres grupos da oposición presentan unhas propostas de resolución que se incardinan nun programa de goberno. Polo tanto, *nos vemos en las urnas*, e con iso maniféstase que non hai vontade ningunha de aceptar ningunha das propostas de resolución presentadas por ningún dos grupos da oposición, e mesmo que non hai vontade ningunha de dialogar, a partir das mesmas propostas do Partido Popular que os grupos da oposición nos mostrabamos dipostos a apoiar par-

tindo de pequenas transaccións. Se esa é a actitude que o Partido Popular vai manter de aquí ás eleccións, están vostedes burlándose outra vez deste Parlamento. ¿Por que, señorías? Porque isto é un foro de debate, é un foro onde non se pode negar a priori a posibilidade de chegar a acordos. Polo tanto, se o discurso é “vémonos nas urnas”, de aquí ás eleccións este Parlamento vai ser aínda máis inoperante do que veu sendo en anos anteriores. Porque aplicarán vostedes a maioría matemática e negarán toda posibilidade de avance positivo. Porque, señorías, a xente da oposición, algunha vez, algunha mínima vez, temos razón nalgunha das cousas que dicimos e presentamos. (*O señor Pita Varela*: E nós tamén.) Polo tanto, vanlle negar vostedes a vida a este Parlamento de aquí a que o señor presidente da Xunta convoque as eleccións para a próxima lexislatura. Se a vostedes lles parece que esa é unha actitude normal e defendible por parte dun partido maioritario, si, pero, cunha gran responsabilidade de goberno neste país, pois que baixe alguén e o vexa.

Eu confeso que cando escoitei o señor Casares na quenda anterior, que, por certo, non utilizou para defende-las súas propostas de resolución senón para resposta-las dos demais, e empezou a dicir cousas como que cre nunha sociedade de persoas libres, formadas, nunha sociedade máis igualitaria, dixeron eu: ¡Anda!, este apróbano-las propostas de resolución. Claro, ¡evidentemente! Pero non foi así; (*Risos*.) (*O señor Pita Varela*: ¡Equivocácheste!) Non só non foi así senón que se nega totalmente a todas.

Claro, o señor Casares aplica unha teoría moi estendida no Partido Popular, que é a de que o falar non ten cancelas. Sobe aquí e di calquera cousa para xustificalo inxustificable. Así, dise, por exemplo —e é algo que me chama a atención, señorías, confésso—, que o Partido Popular leva días traballando nas propostas de resolución, que están totalmente incardinadas, que engarzan co discurso do presidente da Xunta. ¿Dende cando teñen vostedes o discurso do presidente da Xunta? Xogan con vantaxe. ¿Pasóulle-lo discurso antes de vir lelo a este Parlamento? Supoño que non. Daquela, non poden levar días traballando nas propostas de resolución, ¡nin moitísimo menos! Ou, daquela, xa llas dictaron antes, señor Casares, xa llas dictaron antes, e importaba moi pouco o discurso do señor Fraga, as propostas da oposición ou as respostas

dos portavoces dos distintos grupos. Aquí vénse con esquema fixo, chámanse oreilleiras, vénse aquí con elas, e ademais non se necesita para nada utilizar ningún argumento, ningún. Somos maioría, esta é a nosa actitude, é lexítima, *nos vemos en las urnas*.

¡Por suposto que nos imos ver nas urnas! Pero é que nos temos que ver nas urnas incluso a pesar seu. Se algún puidera, non había máis urnas, rompiámolas urnas. Total, ¿para que cambiar unha situación que lles favorece? Por suposto que nos vemos nas urnas. Pero iso non é óbice, señorías, para que, ata que nos vexamos nas urnas, esta Cámara cumpra a súa función de debate, de transacción, de intercambio de ideas, e se poidan aprobar propostas. ¿Por que se negan vostedes a aprobar propostas que piden máis diñeiro para a sanidade pública, que piden melloras para o ensino público, que piden plans de actuación no terreo cultural, que piden plans de actuación no tocante á violencia de xénero, que piden plans de actuación no tocante á diminución, ó descenso demográfico do país? ¿Por que se negan a aprobar esas propostas?, ¿porque forman parte do noso programa? (*O señor Pita Varela*: ¡Claro!) Ben, entón, ¿do seu non forman parte?, ¿vostedes non teñen no seu programa propostas encamiñadas a mellora-los sectores básicos deste país? Entón, ¿que programa teñen vostedes?, ¿un programa clientelar?, ¿un programa de manterse no poder polo poder?, ¿un programa de tecer teas de araña que nos permitan controla-la sociedade deste país? ¡Claro! ¿Que motivos teñen vostedes para negarse a aprobar nin unha das propostas que os outros grupos presentamos? ¡Home, nalgunhas teremos razón, digo eu! Ata o señor Currás, cando eu onte reivindicaba a creación dunha escola de arte dramática para Galicia, me facía que si coa cabeza, co cal eu interprete... (*Risos*.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS VARELA: ... que debe tela na cabeza. Pois apróbea aquí, e, sobre todo, se votan que non, que é moi lexítimo, utilicen argumentos. E non, porque “o estamos facendo”; non, porque “non é necesario para o país”, etc., pero ofrezan argumentos, señorías. E o máis lamentable que aconteceu hoxe nesta Cámara é que o argumento non pode ser un *berrinche* de ningún patrón, o argumento non pode se-la chulería de dicir “vémonos nas urnas”, porque nas ur-

nas nos veremos cando o señor presidente convoque as eleccións, pero, mentres, este país necesita que este Parlamento siga traballando con enerxía. ¡Non o paralicen vostedes, que non teñen ningún dereito!

Moitas grazias.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazias, señor presidente, señorías.

Teño que recoñecer, señoras e señores deputados, señor presidente do Parlamento, señor presidente da Xunta de Galicia, que poucas veces quen lles fala ten a oportunidade neste Parlamento de sentirse co deber cumprido, porque poucas veces tamén as súas propostas se vén aprobadas pola maioría que vostedes representan. Certamente, algunhas delas non sería razoable que se aprobaran, a xuízo de vostedes, imaxino que algunhas outras si, pero nin así tampouco. Pero hoxe, concretamente, a min paréceme que cumprimos co deber e que os obxectivos están acadados. Parece que está acadado claramente que vostedes van quedar, única e exclusivamente, señor presidente da Xunta de Galicia, co que vostede dixo onte aquí e coas 41 propostas de resolución, ou 40, que o señor Casares hoxe aquí foi incapaz de defender.

Ten vostede moito mérito, porque vostede en vez de dedicarse a defender esas propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, para o que era a rolda que tiña vostede, dedicouse a outra cousa ben distinta, a outra estratexia ben distinta, que non ten nada que ver coas propostas de resolución. Señor Casares, ¿sabe por qué?, porque son absolutamente indefendibles nun grupo que ten 42 deputados e que ademais ten a responsabilidade enorme de apoia-lo Goberno do país. ¡Fíxese vostede con qué van quedar!

Vostedes é certo que dixeron: ¡Vamos ás urnas! Pois iremos ás urnas. Eu espero que vaian vostedes ás urnas coas propostas de resolución e que lleas ensinen ós cidadáns. Espero que os medios de comunicación mañá reflectan con claridade as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular e se sumen

ó que dixo aquí no día de onte o señor presidente da Xunta de Galicia. Así os cidadáns poderán ver, señor Casares, señor presidente da Xunta de Galicia, que a vostedes non lles preocupan para nada nin as grandes infraestruturas do país nin os decretos que van consolidalo peche de miles de comercios da nosa terra e a desaparición de miles de postos de traballo, que non lle preocupa a vostede que haxa unha flota enteira amarrada, a flota de Marrocos, e outras cunha incerteza moi seria sobre o seu futuro. Non lles preocupa.

Por certo, no tema de Marrocos, señor Casares, non é verdade, eu non estou de acordo con aqueles que din que vostedes non fixeron nada; ¡claro que fixeron!, méritos sobrados para unha flota que cando vostedes chegaron ó Goberno de España tiña un convenio asinado, estaba pescando en Marrocos, e vostedes conseguiron amarrala a porto, hoxe téñena amarrada. Iso é mérito de vostedes, mérito, señor Fraga Iribarne, do seu prestixio internacional, mérito diso. Porque cando había un Goberno socialista, deses que a vostedes parece que lles caen mal, e non era amigo de vostede, señor Fraga Iribarne, segundo vostede —nin, desde logo, deste país—, pois había acordo, os pescadores podían ir ó mar, e hoxe non. Algunha explicación deberá dar vostede diso, cando di que en Madrid hoxe en día temos un Goberno amigo dos intereses de Galicia.

Non lles preocupa para nada iso, non lles preocupa que haxa pensións para as amas de casa; non lles preocupa que neste país os libros de texto sexan gratis; non lles preocupa a vostede a supertaxa dos agricultores; non lles preocupa a incidencia negativa que teñen en sectores produtivos básicos para a economía de Galicia os carburantes nesta terra; non lles preocupa a vostedes o nivel de relacións coas corporacións locais, que teñan financiamento para os servizos que teñen que dar ós cidadáns; non lles preocupa a vostedes descentralizar medios e competencias ou delegalas nos concellos, naquela Administración que está mais próxima ós cidadáns, para que sexan máis operativos e para que os cidadáns gocen de máis e mellores servizos; iso non lles preocupa a vostedes para nada.

Señor Fraga Iribarne, non lle preocupa a vostede a política de peaxes en Galicia. As grandes áreas urbanas de Galicia vense sometidas a peaxe despois de ter

condenado ós galegos a 25 anos máis de peaxe na autoestrada do Atlántico; non lle preocupa a vostede que sexan das poucas áreas urbanas de España que sigan pagando peaxes a área urbana de Vigo e a área urbana da Coruña, iso non lles preocupa a vostedes para nada.

Por certo, señor Barreiro, vai votar vostede hoxe en contra dunha proposta de resolución que acadou un acordo unánime no Senado de España; despois hei de dicirlle a proposta de quen, porque iso vaino poñer algo nervioso, estou ben seguro; ata non sei se non sairá vostede da sala no momento da votación —vostede e algún máis, por certo—. Mire vostede, esta proposta de resolución que pide que se cree a Administración marítima da provincia de Lugo foille aprobada no Senado a proposta do senador don Francisco Cacharro Pardo; iso si, hai dous anos e aínda non se fixo nada. Espero inquieto o que vostede vai votar aquí, porque o señor Cacharro Pardo —vostede sábeo mellor ca min— segue mandando moito na provincia da que somos vostede e meis eu.

Polo tanto, señores, non lles preocupan para nada a vostedes os grandes problemas que ten hoxe en día a sociedade galega, e con iso queren que vaíamos ás eleccións, ¡e iremos! Eu penso, señor Fraga Iribarne, que vostede neste caso incluso está facendo —estou seguro de que noutros momentos o fixo ou pensou que o fixera, aí pode haber distintas opinións— un servizo ó país, está dicíndolle claramente o que vostede representa, e están demostrando claramente que o que dicía o portavoz dos Socialistas de Galicia, o señor Touriño, é absolutamente certo: Temos un Goberno absolutamente asfixiado, temos un Goberno que non ten ideas, que non ten capacidade de iniciativa, e un grupo parlamentario que o apoia que vive única e exclusivamente da renda do presidente da Xunta de Galicia. É verdade que vostede achega votos, é verdade, sen dúbida ningunha, non llo vou negar, pero viven única e exclusivamente á súa sombra. E a súa responsabilidade, señor Fraga Iribarne, é que veremos a ver para ónde van i-los votos do seu partido cando vostede deixe de achegalos, porque tamén iso será responsabilidade de vostedes, e imaxino que irán a razón e o sentido común, e aqueles que estean en disposición de comprometerse cos intereses do país.

Voules dicir unha cousa. Imos votar, desde logo, non en contra das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Non o imos facer, ¿saben por qué? Porque non tería sentido ningún, porque aínda que se aproben todas, non van ter nin incidencia positiva nin negativa. Non hai ningunha delas, léase por onde se lea, na que non se poña “impulso”, “seguir facendo”, “novo impulso”, “seguir incentivando”, todo aquilo que o señor Fraga Iribarne demostrou antes aquí que non se estaba facendo; e vostedes queren que se siga facendo. Ben, pois votar en contra diso non ten ningún tipo de sentido. Estes meses que lles faltan imos ver se, cando menos, o Goberno ten unha mínima capacidade de iniciativa; imos abstermos, para que vostedes poidan aprobalas sen ningún tipo de problemas, que, por outro lado, o farían igual. Pero voules dicir unha cousa, algunha delas, quizais das máis relevantes, señor Casares —que vostede non leu, e merece a pena lelas—, das máis relevantes que teñen vostedes, que aquí é onde non din “impulso”, é das únicas que non din impulso, voulla ler: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que o Festival Internacional da Música de Galicia celebre algunha actividade...”, e despois di: “...non só en Santiago de Compostela, senón tamén noutras grandes cidades galegas”. Esta é a proposta máis relevante que vostedes fan, naquela que poden comprometer a alguén. O resto é impulsar, incentivar, todo iso, señor Casares, (*Interrupcións do señor Pita Varela*) e así non me estraña que vostede non puidese vir aquí para defender ningunha das súas propostas. Por certo, teño que recoñecerlle que tivo un mérito importante, porque, certamente, era complicado o seu papel, por iso se dedicou a outra cousa e a outra estratexia, non sei se por encargo ou non, pero, en calquera caso, non o fixo vostede nada mal, teño que dicírllo.

Por certo, tratou con respecto, iso si, as propostas de resolución dos Socialistas de Galicia. Leunas, imaxino que non podía ser doutra maneira. Iso si, puxo en dúbida que os socialistas as puideramos poñer en práctica, especialmente aquelas que se refiren ó tema dos servizos sociais. Vostede é novo, claro, pero a pesar de que é novo imaxino que alguén no seu partido lle contaría que os primeiros servizos sociais que houbo nesta terra, e que gozaron os cidadáns deste país, naceron das corporacións municipais socialistas, moi especialmente nas das grandes cidades. Xa sei que lles doe, xa sei que lles preocupa, ¡home!, ¡como

non lles vai preocupar! Xa sei que lles preocupa, pero quen lles fala, que foi referente nun momento dado da democracia dos concellos de Galicia, tívolve responsabilidades de goberno nun concello illado na costa de Lugo, nun só; por certo, o primeiro concello que implantou nesa zona a axuda a domicilio. ¿Sabe vostede que houbo unha *intifada* de alcaldes do Partido Popular en contra daquel servizo? ¿Sabe vostede por qué era? Porque dicían que era perigoso, porque se o poñían en marcha os socialistas, tiñan que acabar poñéndoo eles tamén, señores. Falen vostedes cos seus compañeiros de alí, que o saben perfectamente. Houbo unha *intifada* de alcaldes do Partido Popular en contra do servizo de asistencia a domicilio. Hoxe, afortunadamente, convencéronse e téñeno todos. Afortunadamente é bo que vostedes veñan tamén dar unha volta por este lado. Pero, desde logo, diso non nos van dar ningún tipo de lección vostedes a ningún socialista, e especialmente a aqueles que teñen responsabilidades de gobernar; non nola deron nunca e non nola van dar tampouco hoxe, señores, están completamente equivocados.

Mire, as propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, a inmensa maioría, ímolas votar a favor. Hai algunhas nas que nos imos abster, e hai —loxicamente, espero que non lles estrañe, porque non lle estrañará a ninguén— tres propostas de resolución que imos votar en contra, e tamén imos dicir por qué. Na proposta número 28, que ten que ver co financiamento autonómico —xa o dixemos aquí algunha vez—, insístese sobre o mesmo tema. A nós parécenos que é un erro gravísimo. É unha proposta que nós entendemos que é absolutamente insolvente e inconstitucional, que sería ruínosa para os intereses do noso país, e, polo tanto, ninguén pode pretender que nós nos comprometamos con iso. Está absolutamente claro e espero que non lle estrañe a ninguén.

Logo hai outra proposta que ten que ver coa articulación do Senado. Nós aquí diríamos que facemos unha proposta que, desde logo, é bastante máis ampla e que pode asumirse perfectamente. Gustaríanos que se entendese a nosa posición nese tema.

Hai outra proposta que ten que ver co tema dos medios de comunicación, que é a proposta número 51. Claro, aquí vemos que, con moito medo, se mete o tema do control. Nós non queremos para nada con-

trol nos medios de comunicación, iso faino perfectamente este señor, non queremos máis. Nós propoñemos modestamente unha axencia galega de medios de comunicación públicos, que nos parece que é bastante máis útil e bastante máis operativa, e que establece garantías claras para os cidadáns, non para os políticos, para os cidadáns especialmente; garantías claras dos servizos públicos de comunicación. Poñelos nunha axencia independente, que non dependa para nada de ninguén, parécenos que é bastante mellor. Gustaríanos que se entendese así e, polo tanto, non habería ningún tipo de problemas.

Noutras absterémonos porque contradín algúns apartados das nosas propostas de resolución. E quero tamén dicir que tampouco fixemos esforzo por transaccionalas, porque unha vez que sabemos que o Grupo Parlamentario Popular non ía aprobar nin transaccionar ningunha das iniciativas, tampouco ten moito sentido que desde a oposición nos poñamos a perder tempo.

En calquera caso, máis nada e moitas grazias, señorías. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*)

O señor PRESIDENTE. Moitas grazias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Grazias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, nesta rolda para fixar a posición do sentido de voto do Bloque Nacionalista Galego sobre as propostas de resolución dos demais grupos, quero dicir, en primeiro lugar, que votaremos afirmativamente practicamente todas as do Grupo de Esquerda de Galicia, nalgúnhas estaríamos dispostos a establecer algún tipo de matiz, se tivesen posibilidades de ser transaccionadas, pero, en vista do éxito, imos votar favorablemente practicamente todas, para que se vexa que as nosas diferencias neste tema son de matiz. (*O señor Gago Álvarez:* Nese ou noutros temas.)

O mesmo vai ocorrer coas propostas de resolución do Grupo Socialista, agás tamén algunhas, nas que te-

mos pequenas diferencias de matiz e ás que non votaremos favorablemente.

Respecto das propostas de resolución do Partido Popular, temos que dicir que nos chamou poderosamente a atención a súa concreción, porque, segundo as propostas de resolución do Partido Popular, hoxe no país non hai problema na pesca con Marrocos, non hai problema no sector do comercio, non hai problema en relación cos orzamentos do Estado, non hai repercusións polo tema do prezo do gasóleo, os sectores lácteo, industrial, etc., están nunha situación boiante, os incendios tampouco tiveron ningunha anormalidade este ano nas infraestruturas non hai nada que dicir, porque todo vai ben... En definitiva, como ven vostedes hai silencios clamorosos que falan por si mesmos de que o conxunto das propostas en xeral son un brinde ao sol.

Quero dicirlles, ademais, que aínda podendo compartir a tese de que no sector do comercio pode haber discusión sobre a constitucionalidade ou non da competencia exclusiva que ten o noso país, non cabe dúbida de que no Estatuto figura como competencia exclusiva; en todo caso, cando están en xogo os intereses dos comerciantes deste país, a Xunta ten dúas posibilidades: ou optar por defender o decreto do Goberno central ou intentar defender os comerciantes deste país e que en todo caso sexa un tribunal o que decida se a competencia exclusiva permite ou non entrar a decidir por parte do Goberno central o que vai abrir o último comercio do noso país en canto a horas. E o que fai é non adoptar a posición de defender o sector nin falar para nada deste tema nas súas propostas de resolución.

A nosa posición vai ser coherente co discurso que nós fixemos aquí para defender as propostas de resolución: elevar a racionalidade política como premisa fundamental de funcionamento desta Cámara. A racionalidade política lévanos a dicir que as propostas de resolución do PP son na maior parte dos casos, como xa se dixo, un brinde ao sol sen concreción, e as que teñen algún grao de concreción non van servir practicamente para nada. Pero nós, nun exercicio de responsabilidade, as que teñen algún matiz de concretar algunha iniciativa, imos votalas favorablemente, porque cremos na racionalidade política e porque entendemos ademais, que neste Parlamento, como sem-

pre defendemos, ten que haber debates políticos profundos, serios, de contraposición de ideas e alternativas, pero débese chegar a acordos cando están en xogo os intereses do país. Pero iso, con este señor non vai; vai para os discursos para a galería: hai que falar, hai que cear, hai que sentarse a consensuar. Hoxe van facer vostedes un exercicio máis de someter á indignidade esta Cámara parlamentaria.

¿Para que estivemos dous días debatendo aquí? ¿Cal é o trámite que ten este debate do estado da Autonomía? Onte, discursos dos portavoces, e, con base neses discursos, articular unhas propostas de resolución, defendelas con maior ou menor fortuna por cada un dos que saímos aquí, e despois, intentar chegar a acordos, transaccionar e dialogar. Pero iso con vostedes non vai.

Hoxe o Partido Popular, fíxense vostedes, vai ser coherente co discurso do presidente Fraga, absolutamente coherente. Mire, ningunha das propostas do Partido Socialista, ningunha das propostas do Grupo Mixto, ningunha das propostas do Bloque Nacionalista Galego é merecedora sequera de discutirse. Pero non só iso, senón que nin sequera están dispostos a intentar cambiar algunha coma, algún adxectivo, algún epíteto, para que nós poidamos votarlles afirmativamente a algunha desas propostas. ¿Viuse nalgunha ocasión, nalgunha cámara parlamentaria, tremenda utilización perversa da maioría absoluta? ¿Para que estamos aquí? ¿Para que nos puxo o pobo galego?, preguntolles a todos vostedes, señores deputados. ¿Para que nos puxo? Para defender propostas e, no que puidesemos, chegar a acordos para defender os intereses do país, ¿non si?

Iso con vostedes non vai, non sabemos se por decisión propia súa ou por orde do temoneiro, non o sabemos; en calquera caso, o que se vai producir hoxe aquí é dunha gravidade extrema para a práctica parlamentaria, fíxense vostedes o precedente que están sentando. ¿Que sentido terán a partir de agora, se vostedes seguen tendo a maioría absoluta, estes debates? ¿Que sentido terán, se non é posible que unha parte do pobo galego, representada neste lado da Cámara, presente as súas propostas para que vostedes as teñan en consideración e as discutan, se non é posible que a outra parte do pobo galego, representada neste lado

da Cámara, estea disposta a aceptar suxestións, comas ou adxectivos? ¿Para que estamos aquí? Señor Fraga, se foi orde de vostede, estalle facendo un fraco favor á práctica parlamentaria, porque está sometendo este Parlamento a unha auténtica indignidade. (*O señor Pita Varela: ¿Como que indignidade?*)

Eu, dende logo, remato dicindo que nós non imos participar nesa cerimonia. Tiñamos decidido qué propostas iamos votar, en cáles iamos abstermos e cáles iamos votar en contra, e nalgúnhas estabamos dispostos a transaccionar. Ese discurso mantivémolo, ese intento de negociación levámolo á sala de xuntas. E, fronte a iso, volvemos atopar o muro da intolerancia, o deste lado. ¡Alá vostedes!, a historia, efectivamente, tarde ou cedo, desas cousas acaba pasando factura. As súas corenta proposicións, eu non sabía antes de ir á xunta se eran as corenta en ouros, en copas ou en espadas. O que parece ser é que son, unha vez máis, por orde do temoneiro, as corenta en bastos.

Máis nada e moitas grazias. (*Aplausos do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*) (*O señor Pita Varela: ¡Bien! ¡Bien!.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazias, señor presidente.

O que se nos pregunta neste momento, señoras e señores deputados, señor presidente, é se dende o Grupo Parlamentario Popular debemos votar favorablemente os programas electorais dos grupos da oposición. ¡Semellante *majadería*! ¿Vostedes estannos dicindo que, despois de presentar ante esta Cámara un completo programa electoral, a meses vista dunhas eleccións, case fan un harakiri porque a maioría non llelo vota? Mire, non o vota a maioría, nin a maioría dos cidadáns de Galicia llelo votará no seu momento.

Señor Suárez Canal, pero se esta mañá, cando se presentaban ante os medios de comunicación as propostas de resolución socialistas, o voceiro do Grupo Socialista dixo: Vimos presentar un programa electoral. ¡Pero se eles mesmos o dixeron esta mesma mañá ante os medios de comunicación!

¿Como poden vostedes dende a oposición, señores deputados, acusar un grupo parlamentario, que se nutre dun partido político distinto, que ten as súas siglas, que ten o seu ideario e que ten o seu compromiso político cos cidadáns, de non vota-los programas electorais dos contrarios? A trampa está en que as súas señorías non presentaron un conxunto de medidas ou de propostas, a favor ou en contra, pero, en todo caso, ó carón do discurso que conforma e que ademais indica o camiño do que é o debate de política xeral nesta Cámara e en calquera, porque saben as súas señorías que o Regulamento desta Cámara nace doutros que o establecen así por decenios e decenios. Isto é así.

¿Como lle pode dicir, señor Suárez Canal, á cidadanía: “*Me he cabreado con los del PP porque no me votan el programa*”? ¡Home!, só faltaría que lle votáramo-lo programa. Enriba de que non llo vota case ninguén, pretenderá que llo votemos nós. (*Risos.*)

Señor presidente, hai que engadir a isto e particularizar que, ademais de ser isto unha verdade dificilmente discutible, un dos grupos da Cámara, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, envolveu este programa nunha serie de falacias e de insultos. Este voceiro que fala neste acto parlamentario no nome das súas e dos seus compañeiros, soamente sae da regra da corrección cando hai unha invitación tan desprezable ó insulto como a que fixo o señor Suárez Canal hai un momento nesta Cámara. Hai que falar das institucións e dos que as representan co mesmo respecto co que aspiro eu a poder falarlle á súa señoría o día que saiba estar á altura das circunstancias.

En calquera caso, o debate, señor presidente, foi ilustrativo porque escoitámo-lo señor Pazos falar de traizón, que non é cousa para deixar de menos, porque que un comunista reconvertido apele á traizón non deixa de ser algo interesante. En calquera caso pí-dolle, señor Pazos, que non faga interpretacións subxectivas das reunións, porque a súa señoría acaba de contarlle á Cámara ó seu xeito o que aconteceu nunha xuntanza na que estabamos un grupo de deputados. ¿E sabe o que teño que dicirle? Calquera parecido coa realidade é pura coincidencia.

Por outra banda, señor Pazos, ben sei eu que fomos citando —e este que lle fala fixoo— cada unha das propostas de resolución, e que demos lectura á

maioría delas. Polo tanto, non utilicen como argumento que non se explicaron as propostas de resolución.

Polo que corresponde ó Grupo Socialista, señor Rego, penso que ese non é o seu papel, dígollo cordialmente. Polo que foi súa intervención aquí, fose do que fose, o ton xeral do discurso dos socialistas nesta Cámara incluso me atrevería a dicirlle —cariñosamente— que foi case unha broma. Pero ¿como me pode vostede criticar que eu dubide da capacidade de que os socialistas leven adiante políticas sociais! Dime: “Ben, vostede é que, como ten poucos anos...”. Mire, os suficientes para coñecer-las listas de espera do Insalud do ano 1988 ou 1989, e para coñecer —agora que son pai, por certo— as listas de espera do Sergas no ano 2000. (*Interrupcións da señora Salazar Bello.*) Esa é a diferenza entre unha xestión socialista e unha xestión popular.

En calquera caso, teño dúbidas da capacidade dos socialistas de levar adiante políticas sociais, porque a gran política social, a política social con maiúsculas, é a política que xera emprego. E niso os socialistas foron o peor do peor. Nunca Galicia e, por extensión, España estiveron nunha posición tan desamparada fronte á lacra que era o desemprego como cando gobernaron os socialistas. Polo tanto, señor Rego, ¿ve como enriba da mesa hai dous exemplos para que a súa señoría teña máis prudencia á hora de dar eses discursos?

Tamén, dentro desa intervención pouco atinada, nos falaba de infraestruturas, e dicía que non sei qué facemos coa peaxe. Mire, xire o seu corpo 25 graos e pregúntelle ó deputado que ten ó seu carón quen asinou a prórroga última a vintecinco anos máis da peaxe da ponte de Rande e quen asinou o máis recente libro que fala da relación entre a peaxe e as infraestruturas, no que conclúe dicindo que en Galicia as infraestruturas sen peaxe eran algo imposible. Xire só un pouco e seguro que a súa señoría medirá máis as verbas cando veña falar a esta tribuna. (*Interrupcións do señor Rego González.*)

Por último, señor presidente, quero referirme ó señor Suárez Canal. Vostede acúsanos gratuitamente de non defende-lo país. Pero o erro que comete a súa señoría é que o que é para a súa señoría denfede-lo país para o resto dos cidadáns e para o resto dos mortais

non é defensa ningunha de ningún país.

¿Como se defende o país, señores do Bloque? Cando temos lixo en case calquera esquina do país, poñemos enriba un esforzo de 30.000 millóns de pesetas, creamos unha sociedade como Sogama, poñemos un plan, coas súas dificultades. ¿Iso é defende-lo país ou defende-lo país é crear plataformas para que esa infraestrutura que permite trata-los residuos non saia adiante? Para vostede defende-lo país é crear plataformas contra os gobernos do Partido Popular. Para nós o país, cos nosos erros, é tentar solucionar eses problemas de medio ambiente. Para nós defende-lo país foi sentarnos con deputados da oposición no ano 1995 para crea-lo documento que deseñaba a esperanza de Galicia en materia ferroviaria. Para nós defende-lo país é apoiar un home como Manuel Fraga, que é quen de que ese papel se leve á práctica en poucos anos. Para a súa señoría defende-lo país é dicir hoxe mesmo que iso é unha utopía e que iso é mentira, dicir que é metira a evidencia de que o ferrocarril, señor Suárez Canal —onte déronlle cifras—, está entrando neste momento por Galicia: a rede interior, (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) a súa electrificación e o tren de alta velocidade. (*Protestas e murmurios.*)

Señores do Bloque, non confundan nunca o seu desexo particular, que pode ser un desexo absolutamente destructivo, coa realidade das cousas. Señores do Bloque, para vostedes defende-lo país é queimar bandeiras. E para nós defende-lo país é colocar bandeiras azuis nas praias. Iso é para os populares defende-lo país.

Máis nada, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para que non se eternice, vou proceder a ordenar as votacións das proposicións de resolución presentadas polos distintos grupos parlamentarios.

Se en cada grupo de propostas de cada grupo parlamentario hai que votar algunha por separado, eu pregaríalles ós portavoces correspondentes que me dixeran os números das propostas para votalas á parte.

En primeiro lugar, imos proceder á votación das

propostas de resolución que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto. Comprenden 53 propostas de resolución, se hai solicitude de votación por separado... (*Píde a palabra o señor Trigo Durán.*)

Señor Trigo, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, solicitamos que se vote separadamente a número 33.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Algunha outra solicitude, señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, desexaríamos, se é posible, que se vote por separado a número 20.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Ten inconveniente o Grupo Parlamentario Mixto en que votemos tódalas propostas xuntas? (*Negación.*)

Póñense a votación as propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto, que comprenden da 1 á 53, agás a 20 e a 33.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30 ; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a proposta de resolución número 20.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19 ; votos en contra, 39 ; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta de resolución número 33.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13 ; votos en contra, 39 ; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Pasamos agora a votar as propostas de resolución formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista. Polo Grupo Parlamentario Mixto, solicitaráse que se votara a 75.

O señor PAZOS VARELA: Si, señor presidente, do Grupo Parlamentario dos Socialistas, a número 75 á parte.

O señor PRESIDENTE.: ¿Algunha outra petición, señor Trigo?

O señor TRIGO DURÁN: Solicitamos, á parte, a 22, a 23, a 41, a 42, a 91, a 98, a 101 e a 124.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista, que comprenden desde a número 1 ata a 124, agás a 75, 22, 23, 41, 42, 91, 98, 101 e 124.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30 ; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 75.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28 ; votos en contra, 39 ; abstencións, 2

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

As propostas que solicitou o Grupo Parlamentario

do Bloque Nacionalista, ¿pódense votar todas xuntas?
(*Asentimento.*)

Póñense a votación as propostas de resolución 22, 23, 41, 42, 91, 98, 101 e 124.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12 ; votos en contra, 39 ; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

(*Pide a palabra o señor Méndez Romeu.*)

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Voto a favor.

O señor PRESIDENTE. Hai que facer constar que o voto do señor Méndez Romeu é a favor.

Pasamos agora a vota-las propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, que comprenden desde a número 1 ata a número 95. Creo que tamén había algunha solicitude de votación por separado.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, solicitámo-la votación á parte da número 28 e logo da 82 e da 95; que, pola nosa banda, poden ir conxuntamente.

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Solicitámo-la votación por separado da número 28, 30, 51 e 95 —estas nun bloque—. Despois gustaríanos que se votase por separado e, se é posible, por puntos a número 88; gustaríanos que se votasen por separado a 9, a 11, a 12, a 16, a 42, a 67, a 77 e a 82.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, agás a 28, 82, 95, 30, 51, 88, 9, 11, 12, 16, 42, 67 e 77.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30 ; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse a votación a proposta de resolución número 28.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17 ; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a número 95.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17 ; votos en contra, 50; abstencións, 2.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Póñense a votación as propostas de resolución 30 e 51.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19 ; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse a votación o punto 1 da proposta de resolución número 88.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19 ; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 da proposta de resolución número 88.

Ponse a votación o punto 2 desta proposta de resolución.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30 ; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 da proposta de resolución número 88.

Póñense a votación as propostas de resolución 9, 11, 12, 16, 42, 67 e 77.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19 ; votos en contra, 39 ; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Pasamos agora a vota-las propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, que comprenden da 1 á 41, agás a 28, que foi retirada por estar duplicada.

¿Hai solicitude de votación por separado?

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, aínda que llas vou dicir un pouco desordenadamente, porque é produto do debate, solicitámoslle por separado a 1, 2, 4, 5, 9, 13, 14, 19, 20, 22, 30, 35, 37, 38, 24, 25, 36, 15, 16, 17 e 26.

O señor PRESIDENTE: ¿Estas son para votalas xuntas ou por separado?

O señor TRIGO DURÁN: Para votalas nun bloque.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, agás a 1, 2, 4, 5, 9, 13, 14, 19, 20, 22, 30, 35, 37, 38, 24, 25, 36, 15, 16, 17 e 26.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55 ; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución que foron solicitadas nun bloque á parte polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39 ; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Feita a votación de tódalas propostas de resolución presentadas e esgotados os puntos da orde do día, lévántase a sesión.

Levántase a sesión ás oito e trinta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS POR CADA
CIRCUNSCRIPCIÓN

PROVINCIA DA CORUÑA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- José María Hernández Cochón
- 3.- José Antonio Orza Fernández
- 4.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 5.- Manuel Ruíz Rivas
- 6.- Jaime Pita Varela
- 7.- José Manuel Vila Pérez
- 8.- María Elisa Madarro González
- 9.- Jesús María Fernández Rosende
- 10.- Manuel López Outeiral
- 11.- María Marta Álvarez Montes
- 12.- María Begoña Freire Vázquez
- 13.- Antonio Concehiro Coello

B. Polo Bloque Nacionalista Galego

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Xosé Henrique Tello León
- 4.- Xesús Vega Buxán
- 5.- Xosé Díaz Díaz
- 6.- Domingos Merino Mejuto

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Anxo Guerreiro Carreiras
- 3.- Emilio Pérez Touriño
- 4.- José Luis Méndez Romeu
- 5.- Soneira Tajés, María Soledad

PROVINCIA DE LUGO

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- Mauro Varela Pérez
- 3.- José María García Leira
- 4.- Celso Currás Fernández
- 5.- José Manuel Barreiro Fernández
- 6.- María Jesús Tapia Fernández
- 7.- Ascensión Yeguas Sánchez
- 8.- Sergio López García
- 9.- Manuel Mendoza López

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Isabel Salazar Bello
 - 2.- Francisco Sineiro García
 - 3.- Ismael Rego González
-

PROVINCIA DE OURENSE

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Castor Gago Álvarez
- 2.- Miguel Santalices Vieira
- 3.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 4.- Manuel López Casas
- 5.- Roberto Castro García
- 6.- Joaquín Muñoz González
- 7.- Gregorio Rodríguez Fernández
- 8.- Serafín Escudero Centrón

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Manuel Veiga Pombo
- 2.- Xabier Casares Mouriño
- 3.- María Antonia Álvarez Yáñez

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- José Cuña Crespo
- 2.- Alberto Durán Núñez
- 3.- Miguel Domínguez Vaz
- 4.- Jesús Palmou Lorenzo
- 5.- Jesús Pérez Varela
- 6.- Juan Pedrosa Vicente
- 7.- Juan Manuel Casares González
- 8.- Justo José González Ballesta
- 9.- Ramón Cortegoso Fernández
- 10.- María del Carmen García Campelo
- 11.- Carlos Rodríguez Pablos
- 12.- María Fernanda Blanco Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez
- 6.- Rosa Darriba Calviño

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Abel Caballero Álvarez
 - 2.- María Dolores Villarino Santiago
 - 3.- Xosé Manuel Pazos Varela
 - 4.- Antón Louro Goyanes
-

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOSPOR ORDE
ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
7. Blanco Fernández, María Fernanda	(PP)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mourinho, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12.- Concheiro Coello, Antonio	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Cufía Crespo, José	(PP)
16. Currás Fernández, Celso	(PP)
17. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
18. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
19. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
20. Durán Núñez, Alberto	(PP)
21. Escudero Centrón, Serafín	(PP)
22. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
23. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
24. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
25. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
26. Gago Álvarez, Castor	(PP)
27. Freire Vázquez, María Begoña	(PP)
28. García Campelo, María del Carmen	(PP)
29. García Leira, José María	(PP)
30. García Negro, María Pilar	(BNG)
31. González Ballesta, Justo José	(PP)
32. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
33. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
34. Hernández Cochón, José María	(PP)
35. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
36. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
37. López Besteiro, Manuela	(PP)
38. López Casas, Manuel	(PP)
39. López García, Sergio	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Madarro González, María Elisa	(PP)
44. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
45. Mendoza López, Manuel	(PP)
46. Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
47. Muñoz González, Joaquín	(PP)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
53. Pérez Varela, Jesús	(PP)
54. Pita Varela, Jaime	(PP)
55. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
56. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
57. Rodríguez Fernández, Gregorio	(PP)
58. Rodríguez Pablos, Carlos	(PP)
59. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
62. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
63. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
65. Soneira Tajés, María Soledad	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
68. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
69. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
70. Varela Pérez, Mauro	(PP)
71. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
72. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
73. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
74. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735